

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DO INTERIOR

**9134** *Real decreto 726/2020, do 4 de agosto, polo que se modifica o Regulamento de armas, aprobado polo Real decreto 137/1993, do 29 de xaneiro.*

Ao abeiro do artigo 149.1.26.<sup>a</sup> da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de réxime de produción, comercio, tenza e uso de armas e explosivos, o artigo 28 da Lei orgánica 4/2015, do 30 de marzo, de protección da seguridade cidadá, outorga ao Goberno a regulación dos requisitos e condicións de fabricación, reparación, circulación, almacenamento, comercio, adquisición, alleamento, tenza e utilización de armas, as súas imitacións, réplicas, pezas fundamentais e cartuchería, así como a adopción das medidas de control necesarias para o cumprimento de tales requisitos e condicións. Así mesmo, o seu artigo 29 establece que o Goberno regulará as medidas de control necesarias sobre as aludidas materias.

En relación con aquela habilitación legal, en virtude da que no seu día contiña a Lei orgánica 1/1992, do 21 de febreiro, sobre protección da seguridade cidadá, derogada pola sinalada Lei orgánica 4/2015, do 30 de marzo, aprobouse o Regulamento de armas mediante o Real decreto 137/1993, do 29 de xaneiro, co obxecto de regular os aspectos mencionados anteriormente no relativo ás armas.

O dito real decreto traspuxo ao noso ordenamento a Directiva 91/477/CEE do Consello, do 18 de xuño de 1991, sobre o control da adquisición e tenza de armas. Nesta directiva estableceuse unha medida de acompañamento do mercado interior. Logrouse un equilibrio entre, por un lado, o compromiso de garantir certa liberdade de circulación para algunhas armas de fogo e os seus compoñentes esenciais dentro da Unión e, por outro, a necesidade de controlar esa liberdade recorrendo a garantías de seguridade adaptadas a tales produtos.

Mediante este real decreto trasponse a Directiva (UE) 2017/853 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de maio de 2017, pola que se modifica a Directiva 91/477/CEE do Consello, do 18 de xuño de 1991, que asume unha mellora de determinados aspectos desta, co fin de combater o uso indebido de armas con fins delituosos e tendo en conta os recentes atentados terroristas, e incorpora as decisións da Axenda Europea de Seguridade adoptada en abril de 2015, de revisión da citada directiva e adopción dun enfoque común sobre inutilización de armas de fogo co fin de impedir a súa reactivación e uso por parte da delincuencia.

Así mesmo, incorpórase ao ordenamento interno a Directiva de execución (UE) 2019/68 da Comisión, do 16 de xaneiro de 2019, pola que se establecen as especificacións técnicas para a marcación das armas de fogo e os seus compoñentes esenciais en virtude da Directiva 91/477/CEE do Consello, sobre o control da adquisición e tenza de armas; a Directiva de execución (UE) 2019/69 da Comisión, do 16 de xaneiro de 2019, que establece especificacións técnicas para as armas de alarma e de sinalización consonte a Directiva 91/477/CEE do Consello, sobre o control da adquisición e tenza de armas; e o Regulamento de execución (UE) 2015/2403 da Comisión, do 15 de decembro de 2015, polo que se establecen orientacións comúns sobre as normas e técnicas de inutilización das armas de fogo para garantir que as armas de fogo inutilizadas o sexan irreversiblemente.

Entre as novidades que se introducen no Regulamento de armas mediante este real decreto, merece especial mención a regulación das armas acústicas e de salvos, dado o elevado risco da súa transformación en verdadeiras armas de fogo e a súa utilización na comisión de infraccións penais, e as armas de alarma e sinais, co fin de evitar a súa transformación para que poidan lanzar un perdigón, unha bala ou un

proxectil pola acción dun combustible propulsor; a mellora do réxime da inutilización das armas de fogo, introducindo unha categoría e establecendo novas previsións co fin de asegurar que a dita operación se efectúa correctamente, evitando a posible reactivación da arma; a inclusión de novas armas como prohibidas con motivo do risco que supoñen para a seguridade cidadá, e a ampliación dos supostos en que as empresas de seguridade privada poderán dispor de armas de guerra.

Así mesmo, co fin de vincular as armas cos seus propietarios en todo momento, precísanse os datos destas e dos seus titulares nos rexistros de armas e, por motivos de rastrexabilidade, prevense prazos de conservación dos ditos datos e do seu acceso por parte das autoridades competentes.

Introdúcense novas previsións sobre a marcación das armas, que deberá ser clara, permanente e única, e incluída nos datos dos rexistros de armas, para efectos de lograr unha adecuada identificación e rastrexabilidade.

Respecto ás actividades dos armeiros e corretores, co fin de atender a obrigação de que proporcionen información sobre as súas operacións comerciais sen demora indebida ás autoridades nacionais, prevese a dita comunicación por medios electrónicos, informáticos ou telemáticos. A Dirección Xeral da Garda Civil disporá dun rexistro dos armeiros e corretores que operen no territorio nacional.

Permítese a armarías e locais auxiliares autorizados o depósito de armas, municións e dispositivos cuxa publicidade, compravenda, tenza e uso resulta prohibida a particulares, baixo certas condicións. Só poderán comercializarse cando o seu destino final sexa a exportación ou a venda mediante contrato aos organismos ou entidades de que dependan os funcionarios especialmente habilitados en cuxas normas reguladoras estea prevista a súa utilización, e está prohibida a venda directa a estes.

As armas de fogo e a munición deben almacenarse de forma segura cando non sexan obxecto dunha supervisión inmediata, polo que se introducen novas exigencias respecto de tal almacenamento, tendo en conta o número e categoría das armas de fogo e municións de que se trate.

Por outro lado, aprovéitase a presente iniciativa para incorporar certas previsións relativas aos prazos e autoridade para a concesión de licenzas, ao destino das armas depositadas e comisadas, e á vixencia do visado das armas a partir de certa idade, que redunden na racionalización dos procedementos administrativos, coordinación administrativa e nunha eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos.

Durante a tramitación do Regulamento substanciouse o trámite de audiencia e información públicas previsto no artigo 26.6 da Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno, e a Comisión Interministerial Permanente de Armas e Explosivos emitiu informe.

A norma adecúase aos principios de boa regulación de conformidade co artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas: necesidade e eficacia, xa que é o instrumento necesario e adecuado para traspor a aludida directiva; proporcionalidade, posto que contén a regulación imprescindible para atender aquela necesidade, ao non existiren outras medidas menos restritivas de dereitos ou que impoñen menos obrigacións aos destinatarios; seguridade xurídica, dado que esta iniciativa se exerce de maneira coherente co resto do ordenamento xurídico, nacional e da Unión Europea; transparencia, ao presentar un claro obxectivo –incorporar ao ordenamento a sinalada directiva– e na súa tramitación inclúese o trámite de audiencia previsto no artigo 26.6 da Lei 50/1997, do 27 de novembro; e eficiencia, xa que desta norma non derivan cargas administrativas innecesarias ou accesorias.

Na súa virtude, por proposta do ministro do Interior, coa aprobación previa da ministra de Política Territorial e Función Pública, oído o Consello de Estado, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 4 de agosto de 2020,

DISPOÑO:

**Artigo primeiro.** *Modificación do Regulamento de armas, aprobado polo Real decreto 137/1993, do 29 de xaneiro.*

O Regulamento de armas, aprobado polo Real decreto 137/1993, do 29 de xaneiro, queda modificado como segue:

Un. Os números 2 e 3 do artigo 1 do Regulamento de armas quedan redactados do seguinte modo:

«2. Entenderase por peza todo elemento ou elemento de reposto especificamente concibido para unha arma de fogo e indispensable para o seu funcionamento e todo dispositivo concibido ou adaptado para diminuír o son causado polo disparo dunha arma de fogo.

Son compoñentes esenciais:

- a) A armazón, o canón, o tambor e o ferrollo das armas de fogo curtas.
- b) A caixa ou caixón dos mecanismos, incluídos o superior e o inferior, cando corresponda, o canón, o ferrollo ou báscula e o peche ou o bloqueo do peche das armas de fogo longas.

Para os efectos do previsto neste regulamento, os compoñentes esenciais considerados como obxectos separados terán o mesmo réxime xurídico que as armas de que formen parte e quedan incluídos na categoría en que se clasificase a arma en que se monten ou vaian ser montados.

3. As disposicións para a adquisición e tenza de municións serán as mesmas que as que se apliquen á adquisición e tenza das armas a que se destinen.»

Dous. O artigo 2 do Regulamento de armas queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 2.

Para os efectos deste regulamento, en relación coas armas e a súa munición, entenderase por:

1. Arma acústica e arma de salvas: arma de fogo transformada de forma específica para o seu uso exclusivo con cartuchos de fogueo en recreacións históricas, filmacións, artes escénicas e espectáculos públicos.

2. Arma antiga: arma de fogo cuxo modelo ou cuxo ano de fabricación é anterior ao 1 de xaneiro de 1890.

3. Arma asimilada a arma de fogo: arma, obxecto ou instrumento que polas súas características e perigosidade ten o mesmo réxime que unha arma de fogo. En todo caso, consideraranse armas asimiladas as armas regulamentadas das categorías 3.<sup>a</sup> 3 7.<sup>a</sup> 2 e 3.

4. Arma artística: arma de fogo que na súa ornamentación presenta unha peculiaridade distinta ás demais da súa clase, en razón dos materiais nobres empregados ou de deseño, que lle confire un especial valor.

5. Arma automática: arma de fogo que recarga automaticamente despois de cada disparo e coa que é posible efectuar varios disparos sucesivos mentres permaneza accionado o disparador.

6. Arma basculante: arma de fogo que, sen depósito de municións, se carga mediante a introdución manual dun cartucho na recámara e ten un sistema de peche mediante báscula. Pode ter un ou varios canóns.

7. Arma branca: arma constituída por unha folla metálica ou outro material de características físicas semellantes, cortante ou punzante.

8. Arma combinada: arma formada pola unión de elementos intercambiabes ou fixos de dúas ou máis armas de distinta categoría, que poden ser utilizados separada ou conxuntamente.

9. Arma de aire ou outro gas comprimido: arma que utiliza como forza impulsora do proxectil a orixinada pola expansión dun gas comprimido.

10. Arma de alarma e sinais: dispositivo cunha recámara deseñada para disparar unicamente cartuchos de fogueo, produtos irritantes ou outras substancias activas ou cartuchos pirotécnicos de sinalización, e que non pode transformarse para lanzar un perdigón, unha bala ou un proxectil pola acción dun combustible propulsor.

11. Arma de avancarga: arma de fogo en que a carga de proxección e o proxectil se introducen pola boca do canón ou, se for o caso, pola boca da recámara do tambor. A carga de proxección é de pólvora negra ou de substancia explosiva ou pirotécnica similar.

12. Arma de fogo: toda arma portátil que teña canón e que lance, estea concibida para lanzar ou poida transformarse facilmente para lanzar un perdigón, unha bala ou un proxectil pola acción dun combustible propulsor.

Para estes efectos, considerarase que un obxecto é susceptible de se transformar para lanzar un perdigón, bala ou proxectil pola acción dun combustible propulsor cando teña a aparencia dunha arma de fogo e, debido á súa construción ou ao material con que está fabricada, poida transformarse deste modo.

13. Arma de fogo curta: arma de fogo cuxo canón non exceda os 30 cm ou cuxa lonxitude total non exceda os 60 cm.

14. Arma de fogo longa: calquera arma de fogo que non sexa unha arma de fogo curta.

15. Arma de repetición: arma de fogo que se recarga despois de cada disparo, mediante un mecanismo accionado polo tirador que introduce no canón un cartucho colocado previamente no depósito de municións.

16. Arma dun só tiro: arma de fogo sen depósito de municións, que se recarga antes de cada disparo mediante a introdución manual dun cartucho na recámara ou nun aloxamento especial á entrada do canón.

17. Arma Flobert: arma de fogo portátil que utiliza munición de calibre Flobert. A dita arma sempre é de percusión anular e pode levar unha pequena carga de pólvora ou só a carga iniciadora. A enerxía cinética en boca non pode superar os cen (100) J para ningún calibre.

18. Arma histórica: arma de fogo que se signifique especialmente pola súa relación cun feito ou personaxe histórico relevante, convenientemente acreditada.

19. Arma inutilizada: arma de fogo que fose inutilizada permanentemente para o seu uso, mediante operacións de inutilización que garantan que todos os compoñentes esenciais se volveron permanentemente inservibles e que non se poidan retirar, substituír ou modificar de calquera forma que poida permitir a súa reactivación, de conformidade coa Instrución técnica complementaria número 2 (ITC 2).

20. Arma posta a tiro ou tomada en dente: arma de fogo que estando en proceso de fabricación xa está preparada para efectuar o disparo, aínda que para a súa total terminación falten aínda outras operacións.

21. Arma semiautomática: arma de fogo que despois de cada disparo se recarga automaticamente e coa que só é posible efectuar un disparo ao accionar o disparador cada vez.

22. Armeiro: toda persoa física ou xurídica cuxa actividade profesional consista, en todo ou en parte, na fabricación, comercio, intercambio, alugamento, reparación, modificación ou transformación de armas de fogo ou compoñentes esenciais, así como a fabricación, comercio, intercambio, modificación ou transformación de municións.

23. Coleccionista: toda persoa física ou xurídica dedicada a reunir e conservar armas, compoñentes esenciais ou municións con fins históricos, culturais, científicos, técnicos, educativos ou de conservación do patrimonio, e que está autorizada como tal pola autoridade competente.

24. Corretor: persoa física ou xurídica, distinta do armeiro, cuxa actividade profesional consista, en todo ou en parte, na negociación ou organización de transaccións para a compravenda ou subministración de armas de fogo, compoñentes esenciais ou municións, ou ben na organización da transferencia de armas de fogo, compoñentes esenciais ou municións dentro dun Estado membro da Unión Europea, dun Estado membro a outro, dun Estado membro a un terceiro país ou dun terceiro país a un Estado membro.

25. Desmilitarización: actividade fabril cuxo obxectivo é transformar en civil ou desbaratar unha arma de guerra.

26. Fabricación ilícita: a fabricación ou a montaxe de armas de fogo, os seus compoñentes esenciais e municións, sempre que se dea algunha das seguintes circunstancias:

a) Que se realicen a partir de compoñentes esenciais das ditas armas de fogo que fosen obxecto de tráfico ilícito.

b) Que non conten con autorización concedida por unha autoridade competente do Estado membro en que se realice a fabricación ou a montaxe.

c) Que estean sen marcar as armas de fogo no momento da súa fabricación, de conformidade co artigo 28.

27. Imitación ou réplica dunha arma: obxecto que pola súa aparencia física ou características externas pode inducir a confusión sobre a súa auténtica natureza, aínda que non poida transformarse nunha arma.

28. Localización ou rastrexabilidade: rastrexo sistemático das armas de fogo e, de ser posible, dos seus compoñentes esenciais e municións, desde o fabricante até o comprador, co fin de axudar as autoridades competentes a detectar, investigar e analizar a fabricación e o tráfico ilícitos.

29. Munición: cartucho completo ou os seus compoñentes, incluídas as vaíñas, os cebos, a carga propulsora, as balas ou os proxectís utilizados nunha arma de fogo, sempre que estes compoñentes estean autorizados en territorio nacional.

30. Munición de bala perforante: munición de uso militar que se utiliza para perforar materiais de blindaxes ou de protección que normalmente son de núcleo duro ou material duro.

31. Munición de bala explosiva: munición de uso militar con balas que conteñen unha carga que explota por impacto.

32. Munición de bala incendiaria: munición de uso militar con balas que conteñen unha mestura química que se inflama ao contacto co aire ou por impacto.

33. Munición de bala expansiva: munición con proxectís de diferente composición, estrutura e deseño co fin de que, ao impactaren estes nun albo similar ao tecido carnoso, se deformen expandíndose e transferindo o máximo de enerxía nestes albos.

34. Museo: unha institución permanente ao servizo da sociedade e do seu desenvolvemento, aberta ao público, que adquire, conserva, investiga e expón armas ou municións con fins históricos, culturais, científicos, técnicos, educativos, de conservación do patrimonio ou recreativos e que está autorizada como tal pola autoridade competente.

35. Reprodución: arma que é copia doutra orixinal e reúne todas as súas características, aptitudes e posibilidades de uso.

36. Residente: as persoas consideraranse residentes no país que figure no seu pasaporte, documento nacional de identidade ou documento oficial que indique o seu lugar de residencia e que presenten, con motivo dun control da adquisición ou a tenza, ás autoridades competentes dun Estado membro ou a un armeiro ou

corretor. Se o enderezo da persoa non aparece no seu pasaporte ou documento nacional de identidade, o seu país de residencia determinarase a partir de calquera outra proba oficial de residencia recoñecida polo Estado membro de que se trate.

37. Tráfico ilícito na Unión Europea: a adquisición, venda, entrega, circulación ou transferencia de armas de fogo, compoñentes esenciais ou municións desde ou a través do territorio dun Estado membro ao doutro Estado membro se calquera dos Estados membros interesados non o autoriza ou se as armas de fogo, compoñentes esenciais ou municións non foron marcados de conformidade co establecido no artigo 28.»

Tres. Modifícase a categoría 7.<sup>a</sup> 6 e engádense as categorías 8.<sup>a</sup> e 9.<sup>a</sup> ao artigo 3 do Regulamento de armas, do seguinte modo:

«6. Armas de alarma e sinais e pistolas lanzabengalas.»

«8.<sup>a</sup> categoría:

Armas acústicas e de salvas.

9.<sup>a</sup> categoría:

Armas inutilizadas.»

Catro. A letra a) do artigo 4.1 do Regulamento de armas queda redactada do seguinte modo:

«a) As armas de fogo que sexan resultado dunha fabricación ilícita ou de modificar substancialmente as características de fabricación ou orixe doutras armas, sen a regulamentaria autorización.»

Cinco. O número 1 e o novo número 4 do artigo 5 do Regulamento de armas quedan redactados do seguinte modo:

«1. Queda prohibida a publicidade, compravenda, tenza e uso, salvo por funcionarios especialmente habilitados, e de acordo co que dispoñan as respectivas normas regulamentarias:

a) Das armas de fogo curtas semiautomáticas de percusión central cuxa capacidade de carga sexa superior a vinte e un cartuchos, incluído o aloxado na recámara.

b) Das armas de fogo longas semiautomáticas de percusión central cuxa capacidade de carga sexa superior a once cartuchos, incluído o aloxado na recámara.

c) Das armas de fogo longas de canóns recortados.

d) Das armas de fogo automáticas que fosen transformadas en armas de fogo semiautomáticas.

e) Dos cargadores aptos para a súa montaxe en armas de fogo de percusión central semiautomáticas ou de repetición, que, no caso de armas curtas, poidan conter máis de 20 cartuchos, ou, no de armas longas, máis de 10 cartuchos, salvo os que sexan conservados por museos, organismos con finalidade cultural, histórica ou artística en materia de armas ou coleccionistas, cos requisitos e condicións determinados no artigo 107.

f) Das armas de fogo longas que poidan reducirse a unha lonxitude de menos de 60 cm sen perderen funcionalidade por medio dunha culata encartable, telescópica ou eliminable.

g) Das armas de fogo que fosen transformadas para disparar cartuchos de fogueo, produtos irritantes, outras substancias activas ou cartuchos pirotécnicos, ou para disparar salvas ou sinais acústicos. Exceptúanse aquelas armas autorizadas para



o seu uso en recreacións históricas, filmacións, artes escénicas ou espectáculos públicos, cos requisitos e condicións determinados nos artigos 107 bis e 149.3.

h) Das armas de alarma e sinais que non vaian empregarse para actividades deportivas, adestramento canino profesional, espectáculos públicos, actividades recreativas, filmacións cinematográficas e artes escénicas, así como para fins de coleccionismo.

i) Dos sprays de defensa persoal e todas aquelas armas que despidan gases ou aerosois, así como calquera dispositivo que comprenda mecanismos capaces de proxectar substancias estupefacientes, tóxicas ou corrosivas.

Do disposto neste número exceptúanse os sprays de defensa persoal que, en virtude da correspondente aprobación do Ministerio de Sanidade, logo de informe da Comisión Interministerial Permanente de Armas e Explosivos, se consideren permitidos, caso en que poderán venderse nas armarías a persoas que acrediten a súa maioría de idade mediante a presentación do documento nacional de identidade, pasaporte ou outros documentos que acrediten a súa identidade.

j) Das defensas eléctricas, as defensas de goma ou extensibles, e as tonfas ou similares.

k) Dos silenciadores adaptables a armas de fogo.

l) Das municións con balas perforantes, explosivas ou incendiarias, así como os proxectís correspondentes.

m) Das municións para pistolas e revólveres con proxectís “dum-dum” ou de punta oca, así como os propios proxectís.»

«4. As armas, obxectos e dispositivos do número 1 só poderán ser comercializados por armeiros e corretores autorizados ás entidades ou organismos de que dependan os funcionarios especialmente habilitados, de conformidade co establecido no artigo 48 bis.»

Seis. O número 3 do artigo 6 do Regulamento de armas queda redactado do seguinte modo:

«3. Non obstante o disposto no número 1, o Goberno, nos supostos de vixilancia e protección relacionados coa defensa nacional, as infraestruturas críticas, os buques mercantes, pesqueiros ou de transporte marítimo comercial, os convois de alto valor e os edificios sensibles, por proposta conxunta dos ministros de Defensa e do Interior, poderá fixar mediante orde os termos e condicións para a tenza, control, utilización e, se for o caso, adquisición, por parte das empresas de seguridade privada, de armas de guerra, así como as características destas últimas.»

Sete. Suprímese o número 3 do artigo 8 do Regulamento de armas.

Oito. O artigo 9 do Regulamento de armas queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 9.

1. Na Intervención Central de Armas e Explosivos da Dirección Xeral da Garda Civil radicaré o Rexistro Nacional de Armas, no cal constarán aquelas armas, municións, compoñentes esenciais, guías, autorizacións e licenzas cuxo rexistro proceda de conformidade co establecido neste regulamento. Este rexistro conterá toda a información necesaria para a rastrexabilidade e identificación das armas, incluídos os seguintes datos:

a) o tipo, a marca, o modelo, o calibre e o número de serie de cada arma e a marcación aplicada na súa armazón ou caixón de mecanismos como marcación única de conformidade co artigo 28, que servirá de identificador único de cada arma;

b) o número de serie ou marcación única aplicada nos compoñentes esenciais, cando este difira da marcación da armazón ou a caixa de mecanismos de cada arma de fogo;

c) o nome e enderezo dos provedores e das persoas que adquiran ou posúan a arma, así como a data ou as datas correspondentes, e

d) toda transformación ou modificación dunha arma que dea lugar a un cambio de categoría ou subcategoría, incluída a súa inutilización ou destrución certificadas e a data ou datas correspondentes.

2. A Dirección Xeral da Garda Civil levará os rexistros de actividades de tratamento dos datos de carácter persoal contidos no Rexistro Nacional de Armas.

3. Os datos das armas e compoñentes esenciais, incluídos os datos persoais conexas, conservaranse de conformidade coas instrucións do responsable do tratamento, por un período de trinta anos despois da destrución das armas ou dos compoñentes esenciais de que se trate.

4. O responsable do tratamento poderá ceder os datos das armas e compoñentes esenciais e os datos persoais conexas:

a) Ás autoridades competentes para conceder ou retirar as distintas autorizacións ou ás autoridades competentes en procedementos alfandegueiros, durante un período de dez anos tras a destrución da arma de fogo ou dos compoñentes esenciais de que se trate.

b) Ás autoridades competentes para a prevención, investigación, detección ou axuízamento de infraccións penais ou a execución de sancións penais.

5. Os datos persoais serán suprimidos do Rexistro de Actividades de Tratamento ao expiraren os períodos especificados nos números 3 e 4, sen prexuízo dos casos en que se transferisen datos persoais específicos ás autoridades competentes.

6. O exercicio dos dereitos dos interesados facilitarase de conformidade coa normativa reguladora de protección de datos de carácter persoal aplicable.

7. En todo caso, as armas suxeitas a control administrativo e os compoñentes esenciais estarán vinculados aos seus propietarios en todo momento, de conformidade co establecido neste regulamento.

8. En prol da colaboración que debe existir entre as distintas forzas e corpos de seguridade, deberán comunicarse oportunamente polo medio máis rápido calquera circunstancia de interese policial de que teñan coñecemento en materia de armas, como as relacionadas co tráfico ou emprego ilícito, perda ou subtracción de armas ou documentacións, comisos, alleamentos ou calquera outra que afecte a súa tenza e uso, sempre que sexa necesario para efectos de descubrimento e persecución de actos delituosos ou infraccións.»

Nove. O título da sección 7 «Armeiros» do capítulo preliminar «Disposicións xerais» do Regulamento de armas queda redactado do seguinte modo: «Armeiros e corretores».

Dez. O artigo 10 do Regulamento de armas queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 10.

1. Para o exercicio da actividade de armeiro en calquera das súas modalidades requirirase a obtención dunha autorización previa expedida pola Dirección Xeral da Garda Civil, sobre a base da comprobación da integridade privada e profesional, a competencia na materia e a carencia de antecedentes penais por delito doloso do solicitante, así como a acreditación das aptitudes psicofísicas necesarias salvo que, en canto a isto último, o solicitante sexa titular dunha licenza de armas.

2. Cando se trate de persoas xurídicas, o control levarase a cabo tanto sobre a persoa xurídica como sobre a persoa ou as persoas físicas que dirixan a empresa.

3. Para o exercicio da actividade de corretor requirirase a obtención dunha autorización previa expedida pola Dirección Xeral da Garda Civil, á cal será de aplicación o establecido nos números anteriores para a obtención da autorización de armeiro.



4. Durante o seu período de actividade, os armeiros e os corretores estarán obrigados a manter un rexistro en que consignarán, nos casos previstos neste regulamento, as armas e os compoñentes esenciais a que dean entrada e saída, cos datos que permitan a identificación e a localización da arma ou do compoñente esencial de que se trate, en particular, o tipo, a marca, o modelo, o calibre e o número de fabricación, así como o nome, o enderezo, a nacionalidade e os demais datos de identificación necesarios do provedor e do adquirente. As intervencións de armas e explosivos da Garda Civil comprobarán periodicamente o cumprimento desta obrigaón por parte dos armeiros e corretores. Os armeiros e os corretores, tras o cesamento da súa actividade, entregarán os ditos rexistros á Intervención de Armas e Explosivos correspondente ao lugar onde radique o establecemento.

5. Os armeiros e corretores comunicarán á Intervención de Armas e Explosivos, sen demora indebida e por medios electrónicos, informáticos ou telemáticos, as transaccións das armas de fogo e asimiladas, os seus compoñentes esenciais, armas de alarma e sinais, armas acústicas e de salvas e inutilizadas, co obxecto da súa gravación inmediata no Rexistro Nacional de Armas.

6. Os armeiros e os corretores poderán negarse a efectuar calquera transacción de adquisición de armas, compoñentes esenciais, munición ou compoñentes desta que razoablemente consideren sospeitosa debido á súa natureza ou magnitude, e informarán de calquera intento de realizar a dita transacción á Intervención de Armas e Explosivos correspondente.

7. A Dirección Xeral da Garda Civil disporá dun rexistro dos armeiros e corretores que operen no territorio nacional. O tratamento dos datos de carácter persoal realizarase de conformidade coa normativa reguladora que lle sexa de aplicación.

8. As actividades relacionadas coa fabricación, comercio e distribución de armas, compoñentes esenciais e as súas municións constitúen un sector con regulación específica en materia de dereito de establecemento, nos termos previstos pola lexislación sobre investimentos estranxeiros en España, e corresponde aos ministerios de Defensa, do Interior e de Industria, Comercio e Turismo o exercicio das competencias de supervisión e control.

Os investimentos estranxeiros, directos ou indirectos, en sociedades españolas que teñan por obxecto desenvolver as actividades indicadas axustaranse aos requisitos e condicións establecidos no Real decreto 664/1999, do 23 de abril, sobre investimentos exteriores.»

Once. O artigo 14 do Regulamento de armas queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 14.

1. As autorizacións relativas a armas de fogo, con excepción das da categoría 6.<sup>a</sup> 2, serán concedidas se o fabricante se obriga a realizar os traballos de montaxe, fabricación de compoñentes esenciais e acabado dentro dun mesmo proceso e en planta industrial de perímetro cerrado, salvo que estes traballos sexan encomendados a outras fábricas ou talleres con suxeición á intervención regulada neste regulamento.

2. A seguridade técnica das armas da 1.<sup>a</sup>, 2.<sup>a</sup> e 3.<sup>a</sup> 1 e 2, e 8.<sup>a</sup> categorías, así como as especificacións técnicas das armas de alarma e sinais recollidas na ITC 3 garantirase mediante a intervención dos bancos oficiais de probas de armas, de acordo co disposto nos artigos 28, 29 e 30.

As armas de alarma e sinais cumprirán as especificacións técnicas recollidas na ITC 3 co fin de que non poidan transformarse para lanzar un perdigón, unha bala ou un proxectil pola acción dun combustible propulsor. En caso contrario, os ditos dispositivos serán clasificados como armas de fogo na correspondente categoría.»

Doce. O número 4 do artigo 16 do Regulamento de armas queda redactado do seguinte modo:

«4. Con independencia do anterior, os organismos dependentes do Ministerio de Industria, Comercio e Turismo realizarán as inspeccións que lles correspondan para garantir a correcta aplicación da lexislación vixente en canto afecte as instalacións industriais e de seguridade industrial e de seguridade e saúde no traballo.»

Trece. Suprímese o número 5 do artigo 16 do Regulamento de armas.

Catorce. O artigo 28 do Regulamento de armas queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 28.

1. Todas as armas de fogo, os seus compoñentes esenciais, así como os que se comercialicen por separado serán rexistrados de conformidade con este regulamento e sinalados cunha marcación clara, permanente e única, sen demora tras a súa fabricación e, como máis tarde, antes da súa comercialización, ou sen demora tras a súa importación na Unión Europea. Igualmente, estas, así como as armas de alarma e sinais de calibre igual ou superior ao 22 ou o seu equivalente en mm disporán do punzonamento dun banco oficial de probas español ou recoñecido por España, conforme as disposicións do Convenio do 1 de xullo de 1969, para o recoñecemento recíproco dos punzóns de proba de armas de fogo portátiles.

2. A marcación única realizarase de conformidade coas disposicións da ITC 4 e incluírá o nome do fabricante ou da marca, o país ou lugar de fabricación, a numeración de fábrica e o modelo, cando sexa posible. Isto enténdese sen prexuízo da posible colocación da marca comercial do fabricante. Cando un compoñente esencial sexa demasiado pequeno para ser marcado de conformidade con este artigo, marcarase ao menos coa numeración de fábrica.

3. A numeración de fábrica será composta e estará integrada, separada por guións e nesta orde, polas seguintes partes:

- a) O número asignado a cada fábrica ou taller pola Intervención Central de Armas e Explosivos.
- b) O código de dúas cifras correspondente ao tipo de arma.
- c) O número de serie correlativo correspondente a cada arma fabricada, comezando cada ano no número 1.
- d) As dúas últimas cifras do ano de fabricación.

A numeración de fábrica constituirá un número único ou, cando o compoñente esencial sexa demasiado pequeno, dous números en que se integren, respectivamente, as dúas primeiras e as dúas últimas partes enumeradas.

4. No caso de armas ou compoñentes esenciais que poidan ofrecer dúbidas ou dificultades de espazo para a inserción da marcación, esta deberá aparecer no lugar que decida o banco oficial de probas, e participarallo á Intervención Central de Armas e Explosivos.

5. Tamén levarán numeración correlativa as armas das categorías 3.<sup>a</sup> 3, 4.<sup>a</sup> e 7.<sup>a</sup> 1, 2, 3 e 6.

6. Os fabricantes de armas de fogo que teñan contratos con órganos do Estado numerarán independentemente os compoñentes esenciais obxecto destes e porán en cada arma, en vez da numeración a que se refire o número anterior, o contrasinal propio do órgano a que vaian destinadas. Estes contrasinais serán:

- a) Para o Exército de Terra: E.T. e numeración correlativa.
- b) Para a Armada: F.N. e numeración correlativa.
- c) Para o Exército do Aire: E.A. e numeración correlativa.
- d) Para outros usos do Ministerio de Defensa: M.D e numeración correlativa.

- e) Para a Garda Civil: G.C. e numeración correlativa.
- f) Para o Corpo Nacional de Policía: C.N.P. e numeración correlativa.
- g) Para a Dirección Adxunta de Vixilancia Alfandegueira: S.V.A. e numeración correlativa.
- h) Para os corpos de Policía das comunidades autónomas: a letra de identificación correspondente e numeración correlativa.

7. No momento en que unha arma de fogo ou os seus compoñentes esenciais se transfiran das existencias estatais para destinarse á súa utilización civil con carácter permanente, aplicarase a marcación única tal como se recolle no número 2, que permita identificar a entidade que realiza a transferencia, a menos que xa estea presente como parte dunha marcación existente.

8. Os fabricantes tamén poderán numerar independentemente as armas de fogo que fabriquen para subministracións a gobernos estranxeiros. A Intervención Central de Armas e Explosivos da Garda Civil verificará a existencia dos correspondentes contratos e controlará as numeracións especiais.

9. As armas e os seus compoñentes esenciais importados, fabricados en países terceiros, así como os compoñentes esenciais terminados que se comercialicen por separado deberán levar unha marca que indique que foi España o país importador e o ano da súa importación, sempre e cando non proveñan dun país da Unión Europea que xa as marque como importador.

10. Exceptúanse da obrigaçión de marcar e punzar prevista no número 1 as armas incluídas nas categorías 6.<sup>a</sup> e 7.<sup>a</sup> 4 que non sexan susceptibles de facer fogo e se posúan nas condicións do artigo 107. As armas antigas, históricas e artísticas susceptibles de facer fogo non se marcarán nin punzarán, e requirirán un certificado dun banco oficial de probas que as identifique e garanta a seguridade técnica do seu uso polo tirador.»

Quince. O número 1 do artigo 30 do Regulamento de armas queda redactado do seguinte modo:

«1. Queda prohibido vender, adquirir, posuír ou utilizar as armas a que se refire o artigo 28.1 que non teñan estampados os punzóns correspondentes ás probas regulamentarias, de bancos oficiais de probas, sexan españois ou estranxeiros recoñecidos, a excepción do establecido no artigo 28.10 para as armas das categorías 6.<sup>a</sup> e 7.<sup>a</sup> 4 que se posúan ou, se for o caso, usen coas condicións do artigo 107.»

Dezaseis. O artigo 31 do Regulamento de armas queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 31.

1. A guía de circulación é o documento que ampara o traslado, sen licenza ou autorización de armas ou sen guía de pertenza, entre dous lugares, de armas das categorías 1.<sup>a</sup>, 2.<sup>a</sup>, 3.<sup>a</sup>, 6.<sup>a</sup> e 8.<sup>a</sup>, e os seus compoñentes esenciais terminados, e das armas completas da categoría 7.<sup>a</sup> 1, 2, 3 e 4, aínda que vaian despezadas. Axustarase aos modelos aprobados pola Dirección Xeral da Garda Civil e será expedida pola Intervención de Armas e Explosivos correspondente, unha vez comprobadas as mercadorías e medidas de seguridade a que se refire.

2. Se durante o traxecto se extravía algunha guía, expedirase un novo exemplar que anulará o extraviado, e, entre tanto, a expedición quedará detida coas medidas de seguridade que determine a Intervención de Armas e Explosivos.»

Dezasete. O novo artigo 48 bis do Regulamento de armas queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 48 bis.

1. Nas armarías e locais auxiliares autorizados poderanse depositar as armas, municións e dispositivos recollidos no artigo 5, no número, clase ou tipo e cantidade que se determinen na propia autorización de apertura ou, posteriormente, polo que determine o delegado ou subdelegado de Goberno correspondente, logo do informe da Intervención Central de Armas e Explosivos.

2. As armas, municións e dispositivos incluídos no artigo 5.1 só poderán comercializarse cando o seu destino final sexa a exportación, transferencia ou a venda mediante contrato aos organismos ou entidades de que dependan os funcionarios especialmente habilitados en cuxas normas reguladoras estea prevista a súa utilización, e está prohibida a venda directa a estes. Así mesmo, estarán suxeitas ás obrigacións sobre rexistro e comunicación do artigo 55, en que se reflectirán a data de entrada, a orixe, a cantidade e a denominación do produto, e a data de entrega ao organismo ou entidade.»

Dezaoito. O número 4 do artigo 49 do Regulamento de armas queda redactado do seguinte modo:

«4. Nos casos de adquisición e venda de armas de fogo ou asimiladas, os seus compoñentes esenciais, armas de alarma e sinais ou municións mediante contratos en que se empreguen unha ou máis técnicas de comunicación a distancia, antes ou, como máis tarde, no momento da entrega das armas, o armeiro ou corretor autorizado ou, se for o caso, o interventor de armas e explosivos comprobará a identidade do adquirente e a licenza, autorización ou documento acreditativo que o habilita para a adquisición das armas, os compoñentes esenciais ou as municións.»

Dezanove. O artigo 56 do Regulamento de armas queda redactado do seguinte modo:

«Ademais das armarías regulamentariamente autorizadas, os tipos de establecementos que seguidamente se determinan poderán dedicarse ao comercio da clase de armas que para cada un deles se concreta:

a) Os establecementos de venda de artigos deportivos que reúnan os requisitos fiscais pertinentes poderán, dando coñecemento previamente á correspondente Intervención de Armas e Explosivos da Garda Civil, dedicarse á venda de armas accionadas por aire ou outro gas comprimido, comprendidas na 4.<sup>a</sup> categoría e as da 7.<sup>a</sup> 5 e 6.

b) Os establecementos comerciais de calquera clase poderán dedicarse á venda de armas antigas ou históricas orixinais e das súas reproducións, armas de avancarga susceptibles de facer fogo, así como de armas inutilizadas, sempre que, para tal efecto, obteñan a condición de armeiro e a aprobación das medidas de seguridade do establecemento para a garda e custodia das armas da Intervención de Armas e Explosivos da Comandancia. Os establecementos levarán un libro de entradas e saídas de armas na forma prevista no artigo 55. A Intervención de Armas e Explosivos poderá inspeccionar as existencias e documentación das armas, na mesma forma que nas armarías.»

Vinte. O artigo 63 do Regulamento de armas queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 63.

As vendas realizadas e a correspondente saída do territorio nacional das armas e compoñentes esenciais serán rexistradas no Rexistro Nacional de Armas pola Intervención de Armas e Explosivos, e indicárase:

a) Nome do comprador.

b) Nacionalidade e número de pasaporte ou documento de identidade que legalmente o substitúa.

- c) Tipo, marca, modelo, calibre e número de cada arma ou compoñente esencial.
- d) Número e data da guía de circulación expedida.
- e) Lugar de saída do territorio nacional.»

Vinte e un. Os números 1 e 2 do artigo 65 do Regulamento de armas quedan redactados do seguinte modo:

«1. A importación das armas clasificadas no artigo 3, nas categorías 1.<sup>a</sup>, 2.<sup>a</sup> e 3.<sup>a</sup> e os seus compoñentes esenciais queda suxeita a autorización concedida polo Ministerio de Industria, Comercio e Turismo, en relación coas armas que recolle a normativa reguladora do control do comercio exterior de material de defensa, doutro material e de produtos e tecnoloxías de dobre uso, cando se trate de produtos incluídos no seu ámbito de aplicación, logo de procedemento administrativo e informe favorable da Comisión Interministerial Permanente de Armas e Explosivos.

2. A importación de armas acústicas e de salvas, inutilizadas, así como de alarma e sinais, queda suxeita a permiso previo da Intervención Central de Armas e Explosivos, que comprobará que son armas non prohibidas a particulares e que o destinatario e as armas cumpren os requisitos establecidos neste regulamento, mediante certificación do banco oficial de probas.»

Vinte e dous. O número 1 do artigo 72 do Regulamento de armas queda redactado do seguinte modo:

«1. Rexeranse polo disposto nesta sección todas as transferencias, definitivas ou temporais, de armas de fogo, compoñentes esenciais e armas acústicas e de salvas que se efectúen desde España aos demais países membros da Unión Europea e desde estes a España, así como as transferencias con motivo dunha venda mediante un contrato a distancia.»

Vinte e tres. O novo número 4 do artigo 75 do Regulamento de armas queda redactado do seguinte modo:

«4. A Intervención Central de Armas e Explosivos será a autoridade central encargada de recibir e transmitir, por medios electrónicos, ás autoridades nacionais dos Estados membros da Unión Europea a información relativa ás transferencias de armas de fogo a outro Estado membro, así como sobre as autorizacións denegadas, por motivos de seguridade ou relacionados coa fiabilidade da persoa interesada.»

Vinte e catro. O novo número 8 do artigo 76 do Regulamento de armas queda redactado do seguinte modo:

«8. A transferencia de armas acústicas e de salvas realizarase de conformidade cos números anteriores e requirirá para a súa comercialización a certificación do banco oficial de probas do artigo 107 bis.»

Vinte e cinco. O artigo 88 do Regulamento de armas queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 88.

Para a tenza das armas das categorías 1.<sup>a</sup>, 2.<sup>a</sup>, 3.<sup>a</sup>, 6.<sup>a</sup>, 7.<sup>a</sup> 1, 2, 3, 4 e 8.<sup>a</sup>, cada arma deberá estar documentada coa súa correspondente guía de pertenza.»

Vinte e seis. O novo número 5 do artigo 89 do Regulamento de armas queda redactado do seguinte modo:

«5. Para a expedición da guía de pertenza, os titulares das armas de fogo acreditarán ante as intervencións de armas e explosivos, se non o acreditaron con

anterioridade, que cumpren as medidas de seguridade establecidas neste regulamento para a súa custodia.»

Vinte e sete. O número 1 do artigo 90 do Regulamento de armas queda redactado do seguinte modo:

«1. As armas que precisen guía de pertenza pasarán revista cada cinco anos. As revistas pasaranse no momento de presentar as solicitudes de renovación das correspondentes licenzas de armas dos titulares daquelas.»

Vinte e oito. O número 3 do artigo 93 do Regulamento de armas queda redactado do seguinte modo:

«3. Unha vez transcorrido o prazo dun ano desde o seu depósito sen que a arma recibise ningún dos destinos previstos nos números anteriores, a Dirección Xeral da Garda Civil poderá levar a cabo a súa destrución, con excepción daquelas armas regulamentadas que teñan un valor acreditado como patrimonio histórico, de conformidade coa Lei 16/1985, do 25 de xuño, do patrimonio histórico español. Estas armas allearanse en poxa pública e entregárase o seu importe aos herdeiros ou ingresárase á súa disposición na Caixa Xeral de Depósitos ou, se for o caso, allearanse a museos ou organismos con finalidade cultural, histórica ou artística en materia de armas. En todo caso, as ditas armas e os seus adxudicatarios deberán reunir os requisitos establecidos neste regulamento para a súa adquisición e tenza.»

Vinte e nove. O novo número 10 do artigo 96 do Regulamento de armas queda redactado do seguinte modo:

«10. Prohíbese ás persoas que residan en España a tenza dunha arma de fogo adquirida noutro Estado membro se a súa adquisición e tenza está prohibida en territorio español.»

Trinta. O número 5 do artigo 97 do Regulamento de armas queda redactado do seguinte modo:

«5. A vixencia das licenzas, autorizacións e tarxetas de armas concedidas, así como os recoñecementos de coleccionistas efectuados está condicionada ao mantemento de todos os requisitos exixibles conforme o disposto neste regulamento para o seu outorgamento. Os órganos competentes para a súa expedición poderán comprobar en calquera momento tal mantemento, e revogarana ou extinguirana en caso contrario.»

Trinta e un. O número 1 do artigo 98 do Regulamento de armas queda redactado do seguinte modo:

«1. En ningún caso poderán ter nin usar armas, nin ser titulares das licenzas ou autorizacións correspondentes as persoas cuxas condicións psíquicas ou físicas lles impidan a súa utilización e, especialmente, aquelas persoas para as cales a posesión e o uso de armas representen un risco propio ou alleo, para a seguridade pública, a seguridade cidadá, a defensa nacional e o interese xeral. Entre outros casos, o feito de ter tido unha condena por un delito doloso violento considerarase indicativo do dito risco.»

Trinta e dous. O número 6 e o novo número 7 do artigo 99 do Regulamento de armas quedan redactados do seguinte modo:

«6. Estas licenzas terán cinco anos de validez, ao cabo dos cales, para poder usar as armas autorizadas con elas, deberán solicitarse novas licenzas na mesma forma que as anteriores. Ninguén poderá posuír máis dunha licenza B e cada licenza non amparará máis dunha arma.»



7. A arma será gardada nos propios domicilios dos seus titulares nun lugar seguro e baixo chave separada da súa munición, de forma que non sexan facilmente accesibles de maneira conxunta.»

Trinta e tres. Os números 3 e 5 do artigo 100 do Regulamento de armas quedan redactados do seguinte modo:

«3. A competencia para concedela corresponde ao xefe da comandancia da Garda Civil da provincia de residencia do solicitante.»

«5. As armas da categoría 2.<sup>a</sup> 2 e as súas municións deberán ser gardadas:

a) Nos propios domicilios dos seus titulares, en caixas fortes ou armeiros autorizados pola Dirección Xeral da Garda Civil e coas medidas de seguridade necesarias aprobadas pola Intervención de Armas e Explosivos, que poderá comprobalas en todo momento. A munición gardarase separada das armas de fogo nun lugar seguro e baixo chave, ou dentro do armeiro ou caixa forte nun compartimento diferente cerrado con chave.

b) Nos locais de empresas ou entidades especializadas na custodia de armas, de acordo co disposto nos artigos 83 e 144.»

Trinta e catro. O número 3 e o novo número 5 do artigo 101 do Regulamento de armas quedan redactados do seguinte modo:

«3. A competencia para concedela corresponde ao xefe da comandancia da Garda Civil da provincia de residencia do solicitante.»

«5. As municións e armas da categoría 3.<sup>a</sup> 1 e 2 deberán ser gardadas:

a) Nos propios domicilios dos seus titulares, en lugares seguros e baixo chave, de forma que as armas e municións non sexan accesibles de maneira conxunta.

b) Nos locais de empresas ou entidades especializadas na custodia de armas, de acordo co disposto nos artigos 83 e 144.»

Trinta e cinco. O número 1 do artigo 104 do Regulamento de armas queda redactado do seguinte modo:

«1. Para manter a vixencia das licenzas de armas coa duración determinada nos artigos anteriores, as expedidas a maiores de sesenta e sete anos necesitarán ser visadas aos tres anos desde a data da súa expedición pola Intervención de Armas e Explosivos, logo de presentación do informe de aptitude psicofísica favorable, expedido por un centro de recoñecemento autorizado ou, se for o caso, despois da superación das correspondentes probas complementarias de aptitude.»

Trinta e seis. O título da subsección «Armas históricas e artísticas. Armas de avancarga e de sistema «Flobert». Armas inutilizadas» da sección 1 «Licenzas en xeral e tarxetas» do capítulo V «Licenzas, autorizacións especiais e tarxetas de armas» do Regulamento de armas queda redactado do seguinte modo: «Armas antigas, históricas e artísticas. Armas de avancarga e de sistema «Flobert». Armas acústicas e de salvas. Armas inutilizadas».

Trinta e sete. As letras a) e e) do artigo 107 do Regulamento de armas quedan redactadas do seguinte modo:

«a) Non precisarán licenza as armas de avancarga nin as demais armas de fogo antigas, históricas ou artísticas que sexan inscritas nos libros-rexistro a que se refire o punto seguinte e que sexan conservadas en museos autorizados pola Secretaría de Estado de Seguridade do Ministerio do Interior ou en armeiros de que sexan titulares os coleccionistas ou organismos con finalidade cultural, histórica ou artística en materia de armas, autorizados como tales pola Dirección Xeral da Garda Civil. As autorizacións efectuaranse en procedementos instruídos por solicitude dos interesados pola Dirección

Xeral da Garda Civil, logo da achega dos documentos e informes do artigo 97.1 e a acreditación da adecuación dos inmobles e armeiros correspondentes para a garda das armas, e da adopción das medidas de seguridade necesarias para a súa custodia, que deberán ser consideradas suficientes pola dita dirección xeral. A correspondente Intervención de Armas e Explosivos poderá comprobar en todo momento a presenza das armas e a eficacia das medidas de seguridade adoptadas.

A validez destas autorizacións está supeditada ao mantemento dos requisitos exixidos para o seu outorgamento de conformidade co artigo 97.5 e deben ser visadas cada cinco anos pola Intervención de Armas e Explosivos, logo da achega polo interesado dun informe favorable de aptitudes psíquicas e físicas expedido por un centro de recoñecemento autorizado.»

«e) As armas reguladas nos parágrafos anteriores gardaranse nun lugar seguro baixo chave no propio domicilio do seu titular. No caso de armas que se expoñan no interior do domicilio, estas deberán posuír un sistema de ancoraxe adecuado ao medio de exposición ou unha vitrina dotada con fecho e cristal, autorizados pola Dirección Xeral da Garda Civil.

Sen prexuízo do anterior, as reproducións de armas de fogo longas antigas ou os seus compoñentes esenciais custodiaranse en caixas fortes autorizadas pola Dirección Xeral da Garda Civil, e as reproducións de armas de fogo curtas antigas gardaranse, completas, en caixas fortes autorizadas pola dita dirección xeral.»

Trinta e oito. O novo artigo 107 bis do Regulamento de armas queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 107 bis.

1. A conversión dunha arma de fogo nunha arma acústica e de salvas só a poderá realizar a armaría propietaria da arma de fogo logo da achega dunha memoria técnica descritiva da transformación que vai efectuar na arma e da autorización da Intervención Central de Armas e Explosivos, con informe favorable do organismo competente do Ministerio de Defensa no caso de armas de guerra.

2. As armas acústicas e de salvas serán gravadas no Rexistro Nacional de Armas, logo da presentación da correspondente certificación expedida por un banco oficial de probas ou polo organismo competente do Ministerio de Defensa, en caso de armas de guerra, que acredite que a transformación da arma de fogo en arma acústica e de salvas é irreversible.

3. As armas acústicas e de salvas só as poderán adquirir armarías ou empresas autorizadas pola Intervención Central de Armas e Explosivos coa finalidade do seu alugamento temporal a persoas físicas ou xurídicas para o seu uso concreto nunha recreación histórica, filmación, arte escénica ou espectáculo público cos requisitos e condicións determinados no artigo 149.3.

4. As armarías e empresas autorizadas para a adquisición das armas acústicas e de salvas levarán un libro-rexistro conforme o modelo que determine a Dirección Xeral da Garda Civil, dilixenciado ou validado pola Intervención de Armas e Explosivos, onde se consignarán os datos das armas e, se for o caso, do arrendatario.

5. No caso de transformación de armas de avancarga en armas acústicas e de salvas, esta poderaa realizar o seu propietario nas condicións dos números anteriores.»

Trinta e nove. O artigo 108 do Regulamento de armas queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 108.

1. A inutilización dunha arma de fogo deberá contar coa aprobación previa da Intervención de Armas e Explosivos, excepto no caso de armas de guerra e de dotación das Forzas Armadas, Policía Nacional e Garda Civil, así como das armas

de fogo de propiedade particular dos seus membros. Neste último caso, requirirase a aprobación previa das intervencións centrais de armas do Ministerio de Defensa, da División de Persoal da Policía Nacional ou da Intervención de Armas e Explosivos, respectivamente.

2. A inutilización dunha arma de fogo, excepto a das armas de guerra e as de dotación das Forzas Armadas, Policía Nacional e Garda Civil, levaraa a cabo un banco oficial de probas ou un armeiro autorizado, de acordo coas técnicas establecidas na ITC 2.

A inutilización das armas de guerra ou das de dotación das Forzas Armadas realizarana os centros autorizados polo Ministerio de Defensa. A inutilización das armas de dotación da Policía Nacional e da Garda Civil realizarana os servizos de armamento ou banco oficial de probas. En ambos os casos, a inutilización das citadas armas efectuarase de acordo coas técnicas establecidas na ITC 2.

3. Unha vez efectuada a inutilización, un banco oficial de probas ou outro organismo designado pola Dirección Xeral da Garda Civil como entidade verificadora comprobará que a inutilización da arma de fogo se levou a cabo conforme o determinado no anexo I da ITC 2, co fin de garantir que as modificacións realizadas a unha arma de fogo convertan todos os seus compoñentes esenciais en permanentemente inservibles e impidan que poidan retirarse, substituírse ou modificarse de maneira que a arma de fogo poida reutilizarse dalgún modo. No caso de armas de guerra ou de dotación das Forzas Armadas, Policía Nacional ou Garda Civil, a comprobación será realizada pola entidade verificadora que designe o Ministerio de Defensa, a Dirección Xeral da Policía ou a Dirección Xeral da Garda Civil, respectivamente.

4. Unha vez verificada a inutilización, o banco oficial de probas ou a entidade verificadora marcarán as armas de fogo inutilizadas de forma claramente visible, inamovible e única de conformidade co modelo establecido no anexo II da ITC 2. A marcación de inutilización realizarase en todos os compoñentes esenciais modificados pola inutilización da arma de fogo.

Así mesmo, o banco oficial de probas ou a entidade verificadora emitirán un certificado de inutilización, en castelán e inglés, conforme o modelo que figura no anexo III da ITC 2. No caso de armas de guerra e de dotación das Forzas Armadas, o certificado de inutilización deberá ser asinado por persoal dos corpos de enxeñeiros dos exércitos e da Armada.

5. As armas inutilizadas de propiedade particular, así como as armas de guerra inutilizadas ou de dotación das Forzas Armadas, Policía Nacional e Garda Civil que pasen a propiedade particular, xunto co seu certificado de inutilización, serán remitidos á Intervención de Armas e Explosivos para a súa inscrición no Rexistro Nacional de Armas e entrega ao interesado. Emitirase unha copia do certificado de inutilización ás intervencións centrais de armas do Ministerio de Defensa ou á División de Persoal da Policía Nacional que, se for o caso, aprobaron a inutilización.

6. Os bancos oficiais de probas ou entidades verificadoras designadas levarán un rexistro, que poderá realizarse por medios electrónicos, informáticos ou telemáticos, dos certificados de armas de fogo inutilizadas que expidan, no cal constará, ao menos, a data de inutilización, o número de certificado, o número da autorización e o número de documento de identidade do titular da arma e a descrición das armas de fogo que se inutilicen.

7. As armas inutilizadas a que se refire este artigo poderanse posuír sen limitación de número, no propio domicilio, acompañadas do correspondente certificado de inutilización.

8. En todo caso, o particular ou vendedor que desexe allear unha arma inutilizada farao con coñecemento da Intervención de Armas e Explosivos, a cal, á vista da arma inutilizada e o seu certificado de inutilización, inscribirá o cambio de titularidade no Rexistro Nacional de Armas.

9. As intervencións de armas e explosivos poderán requirir aos posuidores de armas inutilizadas a súa presentación, co obxecto de realizar as comprobacións que consideren oportunas.

10. Asímlanse ao réxime de tenza das armas de fogo inutilizadas aquelas que foron seccionadas lonxitudinalmente en todas as súas pezas fundamentais deixando ver os mecanismos interiores e que se utilizan co único propósito de ensino nos centros autorizados para isto.

11. As armas de fogo inutilizadas só se poderán transferir a outro Estado membro da Unión Europea ou allear se levan a marcación única común e van acompañadas dun certificado de inutilización de conformidade co disposto na ITC 2.»

Corenta. O número 1 do artigo 109 do Regulamento de armas queda redactado do seguinte modo:

«1. Os españois e estranxeiros, con residencia en España, que sexan maiores de dezaseis anos e menores de dezaioito, poderán utilizar exclusivamente para a caza ou para o tiro deportivo en cuxos regulamentos estea recoñecida a categoría “júnior”, pero non posuír nin levar dentro das poboacións, armas longas riscadas para caza maior ou, se for o caso, da categoría 3.<sup>a</sup> 1, sempre que se encontren en posesión legal dunha autorización especial de uso de armas para menores e estean sometidos á supervisión dun adulto titular de licenza de armas D, E ou F, que previamente se comprometese a acompañalos e vixialos en cada cazaría ou acto deportivo, e asuma a responsabilidade do seu adecuado almacenamento, de conformidade cos artigos 100.5, 101.5 e 133.2.»

Corenta e un. O número 4 do artigo 112 do Regulamento de armas queda redactado do seguinte modo:

«4. Non obstante o disposto no número 1, os cazadores respecto ás armas de caza das categorías 2.<sup>a</sup> 2 e 3.<sup>a</sup> 2, os tiradores deportivos, respecto ás armas de concurso das categorías 1.<sup>a</sup>, 2.<sup>a</sup> e 3.<sup>a</sup>, e os participantes en recreacións históricas respecto de armas longas antigas dun só tiro ou as súas reproducións poderán ter no seu poder sen autorización previa unha ou varias armas de fogo durante unha viaxe a España co fin de practicar as súas actividades, sempre e cando estean en posesión dunha tarxeta europea de armas de fogo en que se enumere a dita ou as ditas armas de fogo e poidan probar o motivo da viaxe, en particular exhibindo unha invitación ou outra proba das súas actividades de caza, de tiro deportivo ou recreación histórica no noso país. Non se poderá condicionar a aceptación dunha tarxeta europea de armas de fogo emitida por outro Estado ao pagamento de taxas ou canons.

Esta excepción non será de aplicación respecto ás armas de fogo cuxa tenza e adquisición estean prohibidas en España. En tal caso, a Intervención Central de Armas e Explosivos informará da prohibición de adquisición e tenza dunha arma de fogo ou da súa suxeición a autorización aos demais Estados membros, que o farán constar expresamente en toda tarxeta europea de armas de fogo que expidan para ese tipo de arma de fogo.»

Corenta e dous. O número 1 e o novo número 3 do artigo 113 do Regulamento de armas quedan redactados do seguinte modo:

«1. A tarxeta europea de armas de fogo será expedida, logo de solicitude, pola Dirección Xeral da Garda Civil, aos residentes en España que estean debidamente documentados para a tenza e uso en territorio español das armas de que se trate. Será válida por un período máximo de cinco anos, que poderá prorrogarse mentres se manteña a titularidade das armas que ampare. A tarxeta europea de armas de fogo será intransferible e faranse constar nela a arma ou as armas de fogo que

posúa e utilice o titular da tarxeta, incluída a categoría. O usuario da arma de fogo deberá levar sempre consigo a tarxeta. Mencionaranse na tarxeta os cambios na tenza ou nas características das armas, así como a perda ou roubo destas.»

«3. A tarxeta europea de armas de fogo axustarase ao modelo, contido e formato previsto na ITC 5.»

Corenta e tres. O número 3 do artigo 117 do Regulamento de armas queda redactado do seguinte modo:

«3. A licenza documentará armas da categoría 1.<sup>a</sup> e terá cinco anos de validez, que poderá ser prorrogada, logo da acreditación das aptitudes psicofísicas do seu titular.»

Corenta e catro. O artigo 121 do Regulamento de armas queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 121.

O persoal dos corpos e organismos legalmente considerados auxiliares para o mantemento da seguridade pública e persecución da criminalidade, así como os vixilantes de seguridade e persoal legalmente asimilado, poderán solicitar do xefe da comandancia da Garda Civil da provincia de residencia do solicitante a licenza de armas C, cos requisitos e condicións que se establecen nos artigos seguintes.»

Corenta e cinco. O primeiro parágrafo do artigo 122 do Regulamento de armas queda redactado do seguinte modo:

«Para obter estas licenzas, o interesado, a través da empresa ou organismo de que dependa, deberá presentar na intervención de armas da Garda Civil correspondente ao seu domicilio solicitude dirixida ao xefe da comandancia da Garda Civil da provincia de residencia do solicitante, acompañada dos documentos enumerados no artigo 97.1 deste regulamento e, ademais, os seguintes:»

Corenta e seis. O número 2 do artigo 133 do Regulamento de armas queda redactado do seguinte modo:

«2. As armas deberán ser gardadas:

a) Completas, nos locais das federacións ou clubs de tiro que dispoñan de medidas de seguridade aprobadas pola Intervención Central de Armas e Explosivos da Garda Civil.

b) Nos propios domicilios dos titulares, en caixas fortes ou armeiros autorizados pola Dirección Xeral da Garda Civil. As armas gardaranse completas, ben que, no caso de armas longas, poderán gardarse unicamente os seus peches ou compoñentes esenciais. A munición gardarase separada das armas de fogo nun lugar seguro e baixo chave, ou dentro do armeiro ou caixa forte nun compartimento diferente cerrado con chave.

c) Completas, nos locais de empresas ou entidades autorizadas para a custodia de armas pola Dirección Xeral da Garda Civil, de acordo co establecido nos artigos 83 e 144.»

Corenta e sete. O artigo 134 do Regulamento de armas queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 134.

As licenzas F terán un prazo de validez de cinco anos, ao cabo dos cales, para poder ter e usar as armas correspondentes, deberán solicitarse novas licenzas na mesma forma que as anteriores.»

Corenta e oito. O número 1 do artigo 144 do Regulamento de armas queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 144.

1. Tanto as persoas físicas como as xurídicas que posúan armas de fogo están obrigadas:

a) A gardalas en lugar seguro e a adoptar as medidas necesarias, tanto co fin de reducir ao mínimo o risco de que persoas non autorizadas accedan a elas e aos compoñentes esenciais como de evitar a súa perda, roubo ou subtracción.

b) A presentar as armas ás autoridades ou aos seus axentes, sempre que as requiran para isto.

c) A declarar, inmediatamente, na Intervención de Armas correspondente, a perda, destrución, roubo ou subtracción das armas ou da súa documentación.

d) A que as armas e as súas municións non sexan facilmente accesibles de maneira conxunta.

e) A unha adecuada supervisión, que implicará que a persoa en tenza legal da arma ou da munición correspondente as manteña baixo control durante o seu transporte e uso.»

Corenta e nove. O título da sección 3 «Uso de armas en espectáculos públicos, filmacións ou gravacións» do capítulo VII «Disposicións comúns sobre tenza e uso de armas» do Regulamento de armas queda redactado do seguinte modo: «Uso de armas en recreacións históricas, espectáculos públicos, filmacións e outras artes escénicas».

Cincuenta. O número 3 do artigo 149 do Regulamento de armas queda redactado do seguinte modo:

«3. Salvo as actuacións propias das Forzas Armadas e das forzas e corpos de seguridade, así como as actividades cinexéticas, que se rexerán polas súas lexislacións especiais, a realización de calquera clase de concurso ou actividade con armas de fogo, de aire comprimido da categoría 3.<sup>a</sup> 3 ou armas acústicas e de salvas que teñan lugar fóra de campos, polígonos ou galerías de tiro autorizados, ou espazos permitidos polas autoridades competentes, requirirán autorización previa do delegado ou subdelegado do Goberno da provincia en que teñan lugar. Os seus organizadores deberán solicitala ao menos con quince días de antelación e facilitarán información suficiente sobre os lugares de celebración, actividades que se van realizar, datos sobre participantes, armas que se van utilizar e medidas de seguridade adoptadas, todo isto sen prexuízo doutras autorizacións que procedan, das autoridades competentes da Administración xeral do Estado, das comunidades autónomas ou das corporacións locais. »

Cincuenta e un. O artigo 153 do Regulamento de armas queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 153.

En recreacións históricas, espectáculos públicos, filmacións e outras artes escénicas só se poderán utilizar armas de alarma e sinais, armas acústicas e de salvas e armas inutilizadas, así como as armas de coleccionista a que se refire o artigo 107 con pólvora sen proxectil que posúan os punzonamentos ou certificados correspondentes do banco oficial de probas.»

Cincuenta e dous. A nova letra k) do artigo 156 do Regulamento de armas queda redactada do seguinte modo:

«k) A tenza ou utilización sen autorización de cargadores aptos para a súa montaxe en armas de fogo semiautomáticas, de percusión central, que no caso de



armas curtas poidan conter máis de 20 cartuchos, ou no de armas longas máis de 10 cartuchos, con multas de 300,51 a 6.010,12, incautación dos cargadores e retirada de todas as licenzas ou autorizacións de adquisición e tenza de armas de fogo.»

Cincuenta e tres. O primeiro parágrafo do artigo 165.2.b) do Regulamento de armas queda redactado do seguinte modo:

«b) En caso contrario, pasado o prazo dun ano desde o seu depósito sen que a arma recibise ningún dos destinos previstos no parágrafo anterior, a Dirección Xeral da Garda Civil poderá levar a cabo a súa destrución, con excepción daquelas armas regulamentadas que teñan un valor acreditado como patrimonio histórico de conformidade coa Lei 16/1985, do 25 de xuño. Estas armas allearanse en poxa pública e entregarase o seu importe ao interesado ou ingresarse á súa disposición na Caixa Xeral de Depósitos ou, se for o caso, allearanse a museos ou organismos con finalidade cultural, histórica ou artística en materia de armas. En todo caso, as ditas armas e os seus adxudicatarios deberán reunir os requisitos establecidos neste regulamento para a súa adquisición e tenza.»

Cincuenta e catro. O número 2 do artigo 167 do Regulamento de armas queda redactado do seguinte modo:

«2. Se a autoridade competente acorda a devolución das armas, estas estarán á disposición dos seus titulares durante un mes desde a notificación da resolución, a partir do cal a Dirección Xeral da Garda Civil poderá levar a cabo a súa destrución, coa excepción daquelas armas regulamentadas que teñan un valor acreditado como patrimonio histórico de conformidade coa Lei 16/1985, do 25 de xuño. Estas armas allearanse en poxa pública e entregarase o seu importe ao interesado ou ingresarse á súa disposición na Caixa Xeral de Depósitos ou, se for o caso, allearanse a museos ou organismos con finalidade cultural, histórica ou artística en materia de armas. En todo caso, as ditas armas e os seus adxudicatarios deberán reunir os requisitos establecidos neste regulamento para a súa adquisición e tenza.»

Cincuenta e cinco. O número 3 do artigo 168 do Regulamento de armas queda redactado do seguinte modo:

«3. Se tiveren, cando foren necesarios, as marcas, números e punzóns de bancos oficiais de probas ou recoñecidos, poranse á disposición dos interesados polo prazo dun ano, transcorrido o cal, a Dirección Xeral da Garda Civil poderá levar a cabo a súa destrución, con excepción daquelas armas regulamentadas que teñan un valor acreditado como patrimonio histórico de conformidade coa Lei 16/1985, do 25 de xuño. Estas armas allearanse en poxa pública e entregarase o seu importe ao interesado ou ingresarse á súa disposición na Caixa Xeral de Depósitos ou, se for o caso, allearanse a museos ou organismos con finalidade cultural, histórica ou artística en materia de armas. En todo caso, as ditas armas e os seus adxudicatarios deberán reunir os requisitos establecidos neste regulamento para a súa adquisición e tenza.»

Cincuenta e seis. O número 3 do artigo 169 do Regulamento de armas queda redactado do seguinte modo:

«3. No caso de que teñan, cando sexan necesarios, as marcas, números e punzóns de bancos oficiais de probas ou recoñecidos, a Garda Civil procederá na mesma forma prevista nos artigos anteriores.»

Cincuenta e sete. Suprímese o anexo «Características e medidas de seguridade en galerías e campos de tiro» do Regulamento de armas, que queda sen contido.

**Artigo segundo.** *Aprobación das instrucións técnicas complementarias número 1, ITC 1 «Características e medidas de seguridade en galerías e campos de tiro», número 2, ITC 2 «Normas e técnicas de inutilización das armas de fogo para garantir que as armas de fogo inutilizadas o sexan irreversiblemente», número 3, ITC 3 «Armas de alarma e sinais», número 4, ITC 4 «Especificacións técnicas de marcación das armas e os compoñentes esenciais» e número 5, ITC 5 «Tarxeta europea de armas de fogo».*

Apróbanse as seguintes instrucións técnicas complementarias do Regulamento de armas, aprobado polo Real decreto 137/1993, do 29 de xaneiro, cuxos textos se insiren a continuación:

- a) Instrución técnica complementaria número 1, ITC 1: Características e medidas de seguridade en galerías e campos de tiro.
- b) Instrución técnica complementaria número 2, ITC 2: Normas e técnicas de inutilización das armas de fogo para garantir que as armas de fogo inutilizadas o sexan irreversiblemente.
- c) Instrución técnica complementaria número 3, ITC 3: Armas de alarma e sinais.
- d) Instrución técnica complementaria número 4, ITC 4: Especificacións técnicas de marcación das armas e os compoñentes esenciais.
- e) Instrución técnica complementaria número 5, ITC 5: Tarxeta europea de armas de fogo.

**Disposición adicional primeira.** *Esgotamento da vía administrativa.*

1. Contra as resolucións ditadas nos procedementos de outorgamento, denegación, modificación, revogación e extinción das licenzas de armas C, D e E poderá interperse recurso de alzada ante o órgano superior xerárquico que as ditou, de conformidade cos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

2. Sen prexuízo do número anterior, as demais resolucións que se diten nos procedementos de outorgamento, denegación, modificación, revogación e extinción de autorizacións, permisos e licenzas porán fin á vía administrativa e, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, poderán ser impugnadas potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que as ditou ou ser impugnadas directamente ante a orde xurisdiccional contencioso-administrativa.

**Disposición adicional segunda.** *Referencias a pezas fundamentais.*

As alusións contidas no Regulamento de armas a peza fundamental ou pezas fundamentais entenderanse feitas a compoñente esencial ou compoñentes esenciais, respectivamente.

**Disposición adicional terceira.** *Referencias ao anexo do Regulamento de armas.*

As alusións contidas no Regulamento de armas ao seu anexo entenderanse feitas á ITC 1 que aproba este real decreto.

**Disposición adicional cuarta.** *Referencias ao Rexistro Central de Guías e de Licenzas.*

As alusións contidas no Regulamento de armas ao Rexistro Central de Guías e de Licenzas entenderanse feitas ao Rexistro Nacional de Armas.

**Disposición adicional quinta.** *Instituto Nacional de Técnica Aeroespacial «Esteban Terradas» (INTA).*

O Instituto Nacional de Técnica Aeroespacial «Esteban Terradas» (INTA) considérase excluído do ámbito de aplicación do Regulamento de armas e regularase pola súa normativa específica.

**Disposición transitoria primeira.** *Armeiros de particulares.*

Aqueles armeiros aprobados con anterioridade á entrada en vigor deste real decreto serán válidos até o final da súa vida útil, salvo en caso do seu alleamento, caso en que deberán reunir os requisitos establecidos nel no momento do alleamento.

**Disposición transitoria segunda.** *Armas e cargadores.*

1. As armas automáticas transformadas en armas semiautomáticas, autorizadas con anterioridade á entrada en vigor deste real decreto continuarán amparadas mediante a licenza que foi concedida no seu momento mentres non sexan alleadas.

2. As disposicións establecidas na ITC 3 que aproba este real decreto sobre «Especificacións técnicas das armas de alarma e sinais» non serán aplicables ás pistolas e revólveres detonadores fabricados e importados con anterioridade á entrada en vigor deste real decreto.

3. As disposicións establecidas na ITC 2 deste regulamento non serán aplicables ás armas de fogo inutilizadas con anterioridade á súa entrada en vigor, a menos que as ditas armas sexan transferidas a outro Estado membro ou comercializadas, incluída a transferencia gratuíta, o intercambio ou a troca.

As armas inutilizadas inscritas no libro de coleccionista con anterioridade á entrada en vigor deste real decreto non requirirán certificado de inutilización para a súa tenza no domicilio, salvo que as ditas armas sexan transferidas a outro Estado membro ou alleadas.

4. As armas reais transformadas en armas acústicas e de salvas autorizadas con anterioridade á entrada en vigor deste real decreto deberán adaptarse ás disposicións aprobadas por el no prazo dun ano desde a súa entrada en vigor.

5. Os cargadores de armas de fogo curtas e longas semiautomáticas de capacidade superior a 20 e 10 cartuchos, respectivamente, deberán ser entregados na Intervención de Armas e Explosivos no prazo de tres meses desde a entrada en vigor deste real decreto.

**Disposición transitoria terceira.** *Autorización de coleccionista.*

Dentro do prazo dun ano desde a data de entrada en vigor deste real decreto, os titulares dunha autorización de coleccionista ou que posúan no seu domicilio unha arma de fogo curta ou longa histórica ou artística ou de dúas armas de avancarga documentadas coas correspondentes guías de pertenza deberán adaptarse ao réxime establecido no artigo 107 do regulamento aprobado por este real decreto.

**Disposición transitoria cuarta.** *Armeiros e corretores.*

A comunicación prevista no artigo 10.5 do Regulamento aprobado por este real decreto será exigible a partir dos seis meses da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

**Disposición transitoria quinta.** *Datos de armas e compoñentes esenciais.*

Os datos de rastrexabilidade e identificación das armas de fogo e compoñentes esenciais do ficheiro «Armas» deberán adaptarse ás disposicións aprobadas por este real decreto no prazo de seis meses desde a súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

**Disposición derogatoria única.** *Derrogación normativa.*

No momento da entrada en vigor deste real decreto quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto nel e, en particular:

a) A disposición derradeira cuarta do Real decreto 137/1993, do 29 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de armas.

b) A Orde do ministro do Interior, do 20 de maio de 1993, pola que se aproba o modelo de Tarxeta europea de armas de fogo e o de declaración de transferencias de armas de fogo por armeiros autorizados, no que se refire á Tarxeta europea de armas de fogo.

**Disposición derradeira primeira.** *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro da competencia exclusiva do Estado en materia de réxime de produción, comercio, tenza e uso de armas prevista no artigo 149.1.26.<sup>a</sup> da Constitución.

**Disposición derradeira segunda.** *Desenvolvemento e execución do Regulamento de armas e as súas instrucións técnicas complementarias. Modificación do contido técnico das instrucións.*

1. O ministro do Interior ditará, no ámbito das súas competencias, as disposicións necesarias para o desenvolvemento e execución do Regulamento de armas e as súas instrucións técnicas complementarias.

2. Igualmente, mediante orde do ministro do Interior modificarase o contido técnico das instrucións técnicas complementarias para mantelas permanentemente actualizadas de conformidade coa evolución da técnica e o que dispoñan as normas internacionais, do dereito da Unión Europea e españolas, legais e regulamentarias, que se diten sobre as materias a que aquelas se refiren.

**Disposición derradeira terceira.** *Armas e dispositivos prohibidos.*

Consideraranse prohibidos, na medida determinada nos artigos 4 e 5 do Regulamento de armas, as armas, imitacións ou dispositivos que no sucesivo se declaren incluídos en calquera das súas epígrafes, mediante ordes do ministro do Interior, ditadas por proposta da Dirección Xeral da Garda Civil, logo do informe da Comisión Interministerial Permanente de Armas e Explosivos.

**Disposición derradeira cuarta.** *Execución e incorporación de dereito da Unión Europea.*

Mediante este real decreto incorpóranse ao dereito español a Directiva (UE) 2017/853 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de maio de 2017, pola que se modifica a Directiva 91/477/CEE do Consello, do 18 de xuño de 1991, sobre o control da adquisición e tenza de armas; a Directiva de execución (UE) 2019/68 da Comisión, do 16 de xaneiro de 2019, pola que se establecen as especificacións técnicas para a marcación das armas de fogo e os seus compoñentes esenciais en virtude da Directiva 91/477/CEE do Consello, sobre o control da adquisición e tenza de armas; a Directiva de execución (UE) 2019/69 da Comisión, do 16 de xaneiro de 2019, que establece especificacións técnicas para as armas de alarma e de sinalización consonte a Directiva 91/477/CEE do Consello, sobre o control da adquisición e tenza de armas; o Regulamento de execución (UE) 2015/2403 da Comisión, do 15 de decembro de 2015, polo que se establecen orientacións comúns sobre as normas e técnicas de inutilización das armas de fogo para garantir que as armas de fogo inutilizadas o sexan irreversiblemente, e o Regulamento delegado (UE) 2019/686 da Comisión, do 16 de xaneiro de 2019, polo que se establecen as disposicións detalladas en virtude da Directiva 91/477/CEE do Consello para o intercambio sistemático, por medios electrónicos, da información relativa á transferencia de armas de fogo dentro da Unión.

**Disposición derradeira quinta.** *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor aos tres meses da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 4 de agosto de 2020.

FELIPE R.

O ministro do Interior,  
FERNANDO GRANDE-MARLASKA GÓMEZ

## INSTRUCCIÓN TÉCNICA COMPLEMENTARIA NÚMERO 1

## A) GALERÍAS DE TIRO

**Especificacións**1. *Postos de tirador*

- a) Espazo para o tirador.

O tirador debe dispor dun espazo comprendido entre 1 e 1,5 metros de largo, cunha profundidade de 1,3 a 1,5 metros, segundo modalidades de tiro e calibre das armas empregadas.

- b) Pantallas de separación de tiradores.

Deben colocarse pantallas para separar os diversos postos de tiro en evitación de accidentes debidos á expulsión dos cascos; as súas dimensións serán: altura mínima, 2 metros; largura, 1,5 metros; altura do solo, menos de 0,70 metros.

- c) Protección con marquesiñas.

Ten por misión a limitación do ángulo de tiro. As súas medidas ideais son: altura do extremo máis baixo, 2 metros; lonxitude, de 2,5 a 3 metros, limitando o ángulo de tiro a 40 graos para evitar a excesiva altura do primeiro parabolas. Deben estar protexidas contra a penetración da munición empregada. Poden ser de:

1. De formigón recuberto con madeira para evitar rebotes.
2. De madeira de 4 centímetros de espesor, como mínimo, máis unha chapa de ferro de 2 milímetros, se só se emprega 22. Se se emprega outra munición, véxase a táboa de penetracións adxunta.

- d) Protección de cristaleiras.

Deben estar fóra da liña de tiro. De prever posibilidade de impacto, serán antibala do espesor adecuado á munición que se empregue, véxase a táboa adxunta de cristais de seguridade.

- e) Piso adecuado.

O piso debe ser plano, horizontal en todas as direccións e rugoso para evitar escorregamentos, xa que un esvarón do tirador pode provocar un disparo fortuíto.

- f) Mesa para colocar a arma e a munición.

Cada tirador disporá dunha mesa situada na parte dianteira do posto de tirador para colocar a arma e a munición. As súas dimensións serán duns 50 por 50 centímetros e unha altura de 70 a 100 centímetros. O seu obxecto é que a arma alí depositada sempre estea co canón cara ao campo de tiro.

- g) Portas de acceso directo.

Non é recomendable que existan portas que abran directamente á sala de tirador que poidan cerrarse violentamente, pois o ruído que producen pode dar lugar a un disparo involuntario.

- h) Iluminación adecuada.

É recomendable luz cenital natural ou artificial con difusores para non producir cegamentos ou brillos molestos para o tirador.

i) Insonorización.

É moi conveniente, sobre todo naquelas galerías completamente cerradas, pois a reverberación que producen os disparos, malia usar normalmente cascos, pode producir disparos fortuítos. A título de exemplo, unha boa insonorización pode conseguirse con 100 milímetros de pranchas de fibra de vidro recubertas con panel perforado.

j) Caixa forte ou cámara acoirazada.

Deben tela todas aquelas galerías en que queden depositadas armas e municións, antes ou despois das tiradas.

## 2. Parabalas

Son aquelas pantallas que se colocan ao longo do campo de tiro e deben interceptar con toda seguridade calquera traxectoria que trate de saír dos límites do campo.

a) Espesor de acordo coa munición empregada.

O ideal é que sexan de formigón armado de 20 centímetros, cuberto sempre con madeira pola parte do impacto para evitar os rebotes. Poden facerse tamén de:

1. Bovedilla rechea de arxila ou area, recubertas de madeira cando non se emprega munición superior ao 38 con bala non blindada.
2. Non é recomendable parabalas soamente de madeira, aínda que o seu espesor sexa o adecuado á munición, xa que se deterioran facilmente e perden a súa eficacia.
3. En caso de dúbida poden completarse cunha chapa de ferro.

b) Altura adecuada con marxe de seguridade.

A altura deberá ser tal que a traxectoria máis desfavorable (normalmente é a de posición tendido, se se practica esa modalidade) deberá incidir nun parabalas cunha marxe de seguridade ao menos de 50 centímetros do bordo superior. Cando os parabalas non cubran as traxectorias desde a posición de tendido, por non practicarse esta modalidade, é moi conveniente colocar un muro de ladrillo separando os postos de tirador do campo de tiro e dunha altura tal que corte calquera traxectoria que desde o solo poida saír do campo.

c) Número e altura de acordo con paramentos laterais.

1. Os parabalas deben estar distribuídos ao longo do campo de tal forma que unha traxectoria tanxente a calquera deles pola súa parte inferior deberá incidir no seguinte cunha marxe de seguridade de 50 centímetros.

O seu número depende moito das condicións particulares de cada campo, así como da altura da marquesiña e a situación do primeiro parabalas, xa que estes dous elementos limitan os posibles ángulos de tiro.

A súa largura será a da galería e soportada polo menor número de piares posible.

2. A título orientativo, se o primeiro parabalas está entre 8 e 10 metros, será suficiente:

- Galería de 25 metros: de 1 a 2 parabalas.
- Galería de 50 metros: de 2 a 3 parabalas.
- Galería de 100 metros: de 3 a 4 parabalas.
- Galería de 200 metros: de 5 a 6 parabalas.

d) Altura e contextura de paramentos laterais.

1. Os paramentos laterais deben ter unha altura tal que eviten a saída lateral das balas do campo e que algunha bala ao rebotar sobre eles saia polo parámetro oposto.



2. A súa construción e a situación de accesos deben ser tales que impidan con seguridade a entrada de persoal ao campo durante as tiradas.

3. Se son feitos de desmonte, estarán cubertos de terra branda plantada con céspede e plantas que suxeiten a terra.

4. Se son de obra de fábrica, deberán preverse os posibles rebotes, cubrindo con madeira, ao menos, a súa última parte. Suponse que unha bala de chumbo pode rebotar cando incide cun ángulo menor de 20 graos.

5. O seu espesor estará de acordo coa munición que se vai empregar.

6. Deben preverse os rebotes que poidan saír fóra dos límites do campo. Para isto:

Os parabalas en altura estarán protexidos con madeira pola parte dos impactos.

Os paramentos laterais estarán protexidos con madeira, ao menos, nas partes en que se prevé que os rebotes poidan saír do campo.

Para evitar os rebotes sobre o solo, deberá ter, uniformemente repartidos, promontorios de terra de 0,50 metros de alto por 0,50 metros de largo, cunha lonxitude análoga á largura do campo, plantados de céspede para evitar o seu esboroamento.

e) Protección de columnas.

Os parabalas, marquesiñas de albos, etc. deberán ter o mínimo número de columnas que a súa construción permita.

En caso de existiren:

1. Serán cadradas, nunca redondas nin con bordos redondeados, e colocadas de tal forma que os impactos incidan sobre superficies planas perpendiculares á liña de tiro.

2. Estarán sempre protexidas con madeira para evitar rebotes.

3. Non se permitirá ningún tipo de tirante metálico de suxeición dos elementos do campo en que poida incidir e desviar algún disparo.

f) Mantemento das proteccións contra os rebotes.

As proteccións de madeira acostuman deteriorarse rapidamente, ben por efecto dos disparos ben debido ás inclemencias do tempo, e perden eficacia como protección.

1. Débense protexer con torna augas sempre que sexa posible.

2. Débense colocar de forma que a súa reposición sexa fácil.

### 3. Espigóns

Son aqueles elementos destinados a deter os proxectís disparados no campo ou galería de tiro e poden ser:

1. Naturais, aproveitando a configuración do terreo.

2. De terra en noiro a 45 graos.

3. De muro con terra en noiro de 45 graos.

4. De muro con recubrimento de toros.

a) Largura.

Necesariamente, deben cubrir todo o largo da galería.

b) Altura mínima. A altura mínima exixida é:

1. Se é natural ou fabricado con terra amontoada formando un dobre noiro, a súa altura deberá superar 1,50 a 2 metros a traxectoria máis desfavorable.

2. Se é de muro con terra en noiro, este deberá superar 0,50 metros a traxectoria máis desfavorable e o muro de contención que sobresaia desta altura estará cuberto de madeira.

c) Relación coa penetración das armas.

1. Se é de terra, a traxectoria máis desfavorable deberá ter un percorrido de detención de, ao menos, 1,5 metros.

2. Se é de muro con terra en noiro, o muro será dun espesor tal que por si só poida deter un impacto do máximo calibre que se empregue.

3. Se é de muro recuberto de toros, haberá que calculalo cunha gran marxe de seguridade xa que a madeira se deteriora moi rapidamente, sobre todo na liña de dianas; é un bo complemento, en caso de dúbida, protexer o muro nesa zona cunha chapa de ferro de 5 a 10 milímetros.

A título orientativo, unha bala de 7,62 milímetros a 83 m/s require un espigón de formigón de 24 centímetros, contando a marxe de seguridade.

d) Espigóns feitos con materiais que producen rebotes.

1. Os noiros de terra deberán estar recubertos de terra vexetal desprovista de pedras.

2. Os muros de contención que sobresaían do noiro deberán cubrirse con madeira. É un bo complemento terminar o muro nunha cornixa que evita a saída dalgún rebote ou coio da terra proxectado polo impacto.

e) Esboroamento producido polas inclemencias do tempo.

Se é de terra en dobre noiro, terá na súa parte superior unha zona plana de ao menos 0,5 metros. En calquera caso, todos os feitos con terra estarán recubertos con céspede ou plantas de raíces longas que suxeiten a terra.

f) Protección do paso de persoas.

Debe protexerse con toda seguridade o paso de persoas a través do espigón.

1. Se é de dobre noiro, terá un cerramento pola súa parte traseira, ben de fábrica ben de tea metálica. Acostúmase plantar a parte traseira do espigón con plantas espiñentas que, asemade suxeitan a terra, teñen un efecto disuasorio adicional.

2. Se ten muro de contención, a súa altura pola parte traseira deberá ser, como mínimo, de 2,5 metros sobre o terreo.

#### 4. Liña de albos

a) Protección dos serventes.

1. A súa construción deberá ser subterránea, de formigón, dun espesor mínimo de 10 centímetros. É moi conveniente que teña un beirado de 70 a 80 centímetros que o cubra parcialmente.

2. A parte do foso na dirección do espigón pode ser de terra con inclinación natural, ou de formigón, e debe cumprir as seguintes condicións:

1. Nunca fará de espigón, que deberá estar, como mínimo, a 5 metros.

2. A súa altura non será superior á parede máis próxima aos postos de tirador.

3. As dimensións serán: altura superior a 2 metros e largo de 1,5 a 2 metros.

b) Protección contra rebotes.

Deberá colocarse un noiro de terra de aproximadamente 1 metro de alto que protexa o teito do foso de albos dos impactos e evite o rebote e, asemade, cubra as traxectorias que incidan sobre as partes metálicas dos soportes de albos.

A parede máis próxima aos albos será máis baixa ou como máximo da mesma altura que a máis próxima aos postos de tirador, precisamente para que ningún impacto poida incidir sobre ela e danar os serventes.

c) Acceso seguro.

Os fosos de tirador deben ocupar todo o largo da galería e o seu acceso deberá ser subterráneo e lateral por fóra do límite dos paramentos laterais.

Se estas dúas solucións non son posibles, deberá ter ineludiblemente un sistema eléctrico fiable de sinais luminosos ou acústicos, que non permita o tiro cando hai persoas no campo.

### 5. *Instalación eléctrica*

Aínda que unha instalación eléctrica mal protexida non afecta directamente a seguridade das persoas, si indirectamente, xa que un cortocircuíto motivado por un disparo pode dar lugar a algún disparo fortuíto dos tiradores. Por tanto, toda a instalación eléctrica deberá ser subterránea ou colocada en lugares protexidos dos impactos. Os focos de iluminación de albos e de iluminación xeral estarán protexidos polos parabolas ou por parabolas especialmente colocados para a súa protección.

#### *Criterio de avaliación*

Unha vez analizados todos os puntos anteriormente expresados e avaliados conxuntamente, a galería reúne as debidas condicións de seguridade cando:

- a) Existe a certeza de que ningunha bala poida saír dos límites da galería.
- b) As proteccións son as adecuadas ao máximo calibre que se usará.
- c) Ningunha persoa pode ser alcanzada durante as tiradas por un disparo entre os postos de tirador e o espigón.

## B) CAMPOS DE TIRO

### 1. *Zona de seguridade*

a) A zona de seguridade é a comprendida dentro dun sector circular de 45 graos a ambos os lados do tirador e 200 metros de raio, distribuído nas seguintes zonas:

1. Até 60 metros, zona de efectividade do disparo.
2. Até 100 metros, zona de caída de pratos ou pombiños.
3. Até 200 metros, zona de caída de chumbos sen ningunha efectividade pero si molestos. Esta zona pode diminuír segundo as características do terreo, por exemplo, se está en pendente ascendente, ou ten espigón natural.

b) A zona de seguridade debe estar desprovista de todo tipo de edificacións e estradas por onde poidan transitar persoas, animais ou vehículos e que non poida ser cortada ao tránsito durante os tiros.

c) En caso de practicarse as modalidades de tiro «Skeep» ou percorrido de caza, a zona de seguridade calcularase a partir dos diversos postos de tirador e os posibles ángulos de tiro.

d) En caso de non seren os terreos da zona de seguridade propiedade da Sociedade de Tiro ao Prato, deberá obterse o consentimento escrito dos propietarios dos predios incluídos na dita zona, autorizando a caída de pombiños, pratos e chumbos durante as tiradas.

e) A zona de seguridade non debe estar cruzada por liñas aéreas, eléctricas ou telefónicas, sobre as que poidan incidir os pombiños, pratos ou chumbos.

### 2. *Protección das máquinas lanzadoras*

As máquinas lanzadoras, así como os seus serventes deben estar protexidos dentro dunha construción subterránea de teito de formigón, xa que os seus serventes estarán sempre dentro da liña de tiro.

A cota do nivel superior do forxado do teito debe corresponder a la. 0,00 respecto da dos postos de tiro.

### 3. *Protección dos espectadores*

A zona reservada aos espectadores deberá estar ás costas dos tiradores e os accesos ao campo serán pola parte traseira ou, como máximo, perpendicular á liña de tiro. En caso de dúbida, colocaranse unhas pantallas laterais ao tirador que limiten o ángulo de tiro.

### 4. *Peche ou sinalización*

O ideal é que o campo coa súa zona de seguridade estea valado en todo o seu perímetro. Este suposto non ocorre con moita frecuencia xa que na maioría dos casos están instalados en terreos comunais que non se poden cerrar, caso en que se exixirá:

a) Que durante as tiradas se peche a zona de seguridade mediante valos enrolables de arame.

b) Que ao longo do perímetro de seguridade e cada 50 metros, como mínimo, se coloquen carteis indicativos ben visibles da existencia do campo e bandeirolas vermellas cando hai tiro.

c) Que durante as tiradas se pechen todos os camiños ou pistas forestais que atravesen a zona de seguridade e non se permita o paso de persoa nin por suposto a súa permanencia dentro da zona de seguridade.

d) Por seren, neste último suposto, as sinalizacións de carácter non perdurable, farase constar expresamente nas autorizacións que as tiradas e os adestramentos estarán condicionados á comprobación pola Garda Civil da existencia daquelas, así como que pecharon ao tráfico todos os camiños, estradas e accesos que atravesen a zona de seguridade.

#### *Criterio de avaliación*

Un campo de tiro reúne condicións de seguridade cando, examinados cada un dos puntos anteriores e todos en conxunto:

a) Ningunha persoa que cumpriu coas sinalizacións de seguridade impostas durante a tirada pode ser alcanzada entre os postos de tirador e o límite do campo.

b) As sinalizacións son claras, ben visibles e non ofrecen ningunha dúbida.

## **INSTRUCCIÓN TÉCNICA COMPLEMENTARIA NÚMERO 2**

### **Normas e técnicas de inutilización das armas de fogo para garantir que as armas de fogo inutilizadas o sexan irreversiblemente**

#### *1. Obxecto e ámbito de aplicación*

De conformidade co artigo 108 deste regulamento, esta ITC ten por obxecto establecer as normas e técnicas de inutilización das armas de fogo regulamentarias, co fin de garantir que as modificacións realizadas convertan todos os seus compoñentes esenciais en permanentemente inservibles e impidan que poidan retirarse, substituírse ou modificarse de maneira que a arma de fogo poida reutilizarse dalgún modo.

Esta ITC non será aplicable ás armas de fogo inutilizadas con anterioridade á súa data de entrada en vigor, agás que as ditas armas de fogo sexan transferidas a outro Estado membro da Unión Europea ou comercializadas, incluída a transferencia gratuíta, a herdanza, o intercambio ou a troca.

Asimílanse ao réxime de tenza das armas de fogo inutilizadas aquelas que foron seccionadas lonxitudinalmente en todas as súas pezas fundamentais deixando ver os mecanismos interiores e que se utilizan co único propósito de ensino nos centros autorizados para isto.

## 2. *Persoas e entidades autorizadas a inutilizaren armas de fogo*

1. A inutilización dunha arma de fogo só poderá ser realizada por un banco oficial de probas ou por un armeiro autorizado pola Dirección Xeral da Garda Civil. A inutilización das armas de guerra ou as de dotación das Forzas Armadas, da Policía Nacional e do corpo da Garda Civil levarana a cabo os centros autorizados polo Ministerio de Defensa ou os servizos de armamento da Policía Nacional ou da Garda Civil.

## 3. *Verificación da inutilización das armas de fogo*

Un banco oficial de probas autorizado pola Dirección Xeral da Garda Civil ou outra entidade verificadora designada polo Ministerio de Defensa, a Dirección da Policía Nacional ou a Dirección Xeral da Garda Civil, no caso de armas de guerra ou de dotación das ditas forzas ou corpos, verificará que a inutilización das armas de fogo se levou a cabo consonte as especificacións técnicas desta ITC.

Se a entidade verificadora tamén está autorizada a inutilizar armas de fogo, a Dirección Xeral da Garda Civil garantizará que as ditas tarefas e as persoas que as levan a cabo estean claramente separadas dentro da entidade.

As entidades verificadoras autorizadas comunicarán á Dirección Xeral da Garda Civil os seus datos identificativos, o seu símbolo e os datos de contacto, co obxecto da súa integración na páxina web da Comisión Europea.

## 4. *Certificado de inutilización*

Se a inutilización dunha arma de fogo foi levada a cabo de conformidade coas especificacións técnicas establecidas no anexo I, a entidade verificadora ou banco oficial de probas autorizado deberá estender ao propietario da arma un certificado de inutilización conforme o modelo que figura no anexo III. Toda a información que conste no certificado de inutilización deberá proporcionarse en castelán e en inglés.

O propietario dunha arma de fogo inutilizada conservará o certificado de inutilización en todo momento. Se se comercializa a arma de fogo inutilizada, deberá ir acompañada do certificado de inutilización.

A Dirección Xeral da Garda Civil e as entidades verificadoras levarán un rexistro dos certificados de armas de fogo inutilizadas que se expidan, en que constará, ao menos, a data de inutilización, o número de certificado, o número da autorización e o número de documento de identidade do titular da arma e descrición das armas de fogo que se inutilicen. A dita información conservárase durante os prazos establecidos no artigo 9 deste regulamento.

## 5. *Marcación das armas de fogo inutilizadas*

As armas de fogo inutilizadas irán marcadas cunha marcación única común, de conformidade co modelo establecido no anexo II, para indicar que foron inutilizadas consonte as especificacións técnicas establecidas no anexo I. A entidade verificadora fixará a marcación en todos os compoñentes esenciais modificados pola inutilización da arma de fogo de acordo cos seguintes criterios:

- a) Será claramente visible e inamovible.
- b) Levará a información do país en que se levou a cabo a inutilización e da entidade verificadora que a certificou.
- c) Conservará o número ou números de serie orixinais da arma de fogo.

Os Estados membros recoñecerán os certificados de inutilización expedidos por outro Estado membro se os ditos certificados cumpren os requisitos establecidos nesta ITC.

### 6. Medidas de inutilización adicionais

A Dirección Xeral da Garda Civil poderá introducir medidas adicionais para inutilizar armas de fogo que vaian máis aló das especificacións técnicas establecidas no anexo I, logo de notificación á Comisión Europea.

A Dirección Xeral da Garda Civil poderá exixir a proba de que as armas de fogo inutilizadas que se vaian transferir ao seu territorio cumpren as ditas medidas adicionais.

## ANEXO I

### Especificacións técnicas para a inutilización de armas de fogo

1. As operacións de inutilización que deben realizarse para que as armas de fogo inutilizadas o sexan irreversiblemente defínense mediante tres cadros:

- a) No cadro I figuran os distintos tipos de armas de fogo.
- b) No cadro II establécense os principios xerais que deben seguirse ao inutilizar irreversiblemente as armas de fogo.
- c) No cadro III descríbense as operacións específicas por tipo de arma de fogo que deben realizarse para inutilizar irreversiblemente as armas de fogo.

2. As especificacións técnicas para a inutilización das armas de fogo deben impedir a reactivación das armas de fogo utilizando ferramentas correntes.

3. As especificacións técnicas para a inutilización das armas de fogo céntranse na inutilización dos compoñentes esenciais das armas de fogo, definidos neste regulamento. As especificacións técnicas para a inutilización de armas de fogo establecidas no anexo I aplícanse tamén á inutilización dos canóns de recambio que, como obxectos separados, estean tecnicamente vinculados e destinados a ser montados na arma de fogo que se inutiliza.

Cadro I. Lista de tipos de armas de fogo

1	Pistolas (de disparo único, semiautomáticas).
2	Revólveres (incluídos os revólveres con tambor de repostos).
3	Armas de fogo longas dun só tiro (sen acción basculante).
4	Armas de fogo de acción basculante (por exemplo, armas de fogo curtas e longas con canón de ánima lisa, riscada ou unha combinación de ambas, de peche levadizo ou pivotante).
5	Armas de fogo longas de repetición (canón de ánima lisa ou riscada).
6	Armas de fogo longas semiautomáticas (canón de ánima lisa ou riscada).
7	Armas de fogo (completamente) automáticas, por exemplo: determinados fusís de asalto, metralletas e metraladoras, pistolas (completamente) automáticas.
8	Armas de fogo de avancarga.

Cadro II. Principios xerais

1.	Impedir a desmontaxe dos compoñentes esenciais das armas de fogo mediante soldadura ou unión, ou utilizando medidas adecuadas cun grao de permanencia equivalente.
2.	Este proceso pode levarse a cabo tras unha comprobación pola entidade verificadora.
3.	Dureza das pezas inseridas: os bancos oficiais de probas ou armeiros autorizados para realizar a inutilización dunha arma de fogo garantirán que os pasadores, tapóns e varas utilizados teñen unha dureza mínima de 40 HRC e que o material de soldadura utilizado asegura unha unión permanente e eficaz.



## Cadro III. Operacións específicas por tipo de arma

<b>1. Pistolas (de disparo único, semiautomáticas)</b>	
1.1	Canón: abrir unha rañura lonxitudinal a través do canón, incluída a recámara, se existe (largura: superior á metade do calibre; lonxitude: en caso de ánima riscada, tres veces a lonxitude da recámara; en caso de ánima lisa, dúas veces a lonxitude da recámara).
1.2	Canón: en todas as pistolas, salvo as de canón con acción basculante, practicar un orificio que atravesese ambas as paredes da recámara e inserir nel un pasador de aceiro temperado (de diámetro superior á metade do da recámara, cun mínimo de 4,5 mm), que se inmovilizará por soldadura. O mesmo pasador poderá utilizarse para asegurar o canón á acción. Alternativamente, inserir na recámara un tapón do tamaño da vaíña do cartucho e inmovilizalo por soldadura.
1.3	Canón: quitar a rampla de alimentación, se for o caso.
1.4	Canón: asegurar o canón permanentemente á arma mediante soldadura, adhesión ou medidas adecuadas cun grao equivalente de permanencia. O pasador utilizado na operación 1.2 pode utilizarse con este fin.
1.5	Canón: no caso de canóns de recambio que non formen parte dunha pistola, practicar as operacións 1.1 a 1.4 e 1.19, segundo conveña. Ademais, debe impedirse permanentemente, mediante cortes, soldadura, adhesión ou medidas adecuadas cun grao equivalente de permanencia, que os canóns poidan ser fixados a unha arma.
1.6	Ferrollo ou cabeza de peche: quitar ou acurtar o percusor.
1.7	Ferrollo ou cabeza de peche: fresar ou eliminar a cara do peche cun ángulo de entre 45 e 75 graos, medido a partir do ángulo da cara orixinal. Deberá eliminarse material de toda a cara do peche. Todos os espigos de aferollamento deberán eliminarse ou rebaixarse considerablemente.
1.8	Ferrollo ou cabeza de peche: soldar o orificio do percusor.
1.9	Peche corredizo: fresar ou eliminar a cara do peche cun ángulo de entre 45 e 75 graos, medido a partir do ángulo da cara orixinal. Deberá eliminarse material de toda a superficie.
1.10	Peche corredizo: quitar o percusor.
1.11	Peche corredizo: eliminar os espigos de aferollamento do ferrollo.
1.12	Peche corredizo: se for o caso, fresar a parte interior do bordo de aferollamento do mecanismo executor no ferrollo cun ángulo de entre 45 e 75 graos.
1.13	Peche corredizo: se a cabeza de peche pode quitarse do corpo do ferrollo, será preciso fixar permanentemente a cabeza de peche inutilizada ao corpo do ferrollo.
1.14	Armazón/caixón dos mecanismos: quitar a rampla de alimentación, se for o caso.
1.15	Armazón/caixón dos mecanismos: eliminar mediante fresa dous terzos, como mínimo, das guías do ferrollo nos dous lados da armazón.
1.16	Mecanismo do gatillo: asegurar a destrución do vínculo de funcionamento físico entre o gatillo e o martelo, percusor ou fiador. Fundir o mecanismo do gatillo con soldadura dentro da armazón ou caixón dos mecanismos, se for o caso. Se esta fusión do mecanismo do gatillo non é posible, quitar o mecanismo do gatillo e encher o espazo con soldadura ou resina epoxi.

<b>1. Pistolas (de disparo único, semiautomáticas)</b>	
1.17	Mecanismo do gatillo: o mecanismo e/ou a caixa do gatillo deben soldarse ao caixón dos mecanismos ou á armazón (en caso de armazón de aceiro) ou encolarse a estes con pegamento resistente a temperaturas elevadas (en caso de armazón de metal lixeiro ou polímero).
1.18	Sistema automático: destruír o pistón de gas, o tubo de gas e o sistema de gas por corte ou soldadura.
1.19	Sistema automático: se non hai pistón de gas, quitar o tubo de gas. Se o canón se utiliza como pistón de gas, soldar o canón inutilizado á caixa. En todos os casos en que exista, cerrar a válvula de gas do canón mediante soldadura.
1.20	Cargadores: unir o cargador con puntos de soldadura ou utilizar medidas adecuadas cun grao equivalente de permanencia, dependendo do tipo de arma e material, para impedir a retirada do cargador.
1.21	Cargadores: se falta o cargador, pór puntos de soldadura ou utilizar medidas adecuadas no lugar do do cargador ou fixar un tope para impedir de forma permanente que se introduza un cargador.
1.22	Silenciador ou supresor: impedir permanentemente que se separe o silenciador ou supresor do canón, cun pasador de aceiro temperado ou mediante soldadura, adhesión ou medidas adecuadas cun grao equivalente de permanencia, se o silenciador forma parte da arma.
1.23	Silenciador ou supresor: quitar, no posible, todas as partes internas do silenciador e os seus puntos de fixación, de forma que só quede un tubo. Practicar orificios cuxo diámetro sexa maior que o calibre da arma, a intervalos lonxitudinais de 3 cm (armas curtas) ou 5 cm (armas longas), a través do tubo e penetrando na cámara de expansión. Alternativamente, abrir unha rañura lonxitudinal de 6 mm, como mínimo, desde o extremo posterior até o anterior a través do tubo e penetrando na cámara de expansión.
<b>2. Revólveres (incluídos os revólveres con tambor de reposto)</b>	
2.1	Canón: abrir unha rañura lonxitudinal (largura: superior á metade do calibre; lonxitude: como mínimo, a metade da lonxitude do canón, desde o cono de forzamento).
2.2	Canón: practicar un orificio que atravesese ambas as paredes do canón (cerca do cono de forzamento), polo cal se inserirá un pasador de aceiro temperado, que se inmovilizará por soldadura (diámetro superior á metade do calibre, cun mínimo de 4,5 mm). O mesmo pasador poderá utilizarse para asegurar o canón á acción. Alternativamente, inmovilizar por soldadura un tapón de aceiro temperado que encaixe (lonxitude: como mínimo a metade da lonxitude da recámara do tambor) dentro do canón, desde o lado do tambor.
2.3	Canón: asegurar o canón permanentemente á armazón mediante soldadura, adhesión ou medidas adecuadas cun grao equivalente de permanencia. O pasador utilizado na operación 2.2 pode utilizarse con este fin.
2.4	Canón: no caso de canóns de recambio que non estean fixados a unha arma, practicar as operacións 2.1 a 2.3, segundo conveña. Ademais, debe impedirse permanentemente, mediante cortes, soldadura, adhesión ou medidas adecuadas cun grao equivalente de permanencia que os canóns poidan ser fixados a unha arma.

<b>2. Revólveres (incluídos os revólveres con tambor de repostos)</b>	
2.5	Tambor: eliminar mediante fresa dous terzos, como mínimo, da lonxitude total das paredes internas do tambor. Eliminar a maior parte posible das paredes internas do tambor, idealmente até o diámetro da vaíña, sen romper a parede exterior.
2.6	Tambor: cando sexa posible, impedir mediante soldadura que se separe o tambor da armazón ou adoptar medidas adecuadas, como inserir un pasador, para que a separación sexa imposible.
2.7	Tambor: no caso de tambores de repostos que non estean fixados a unha arma, practicar a operación 2.5. Ademais, debe impedirse permanentemente, mediante cortes, soldadura, adhesión ou medidas adecuadas cun grao equivalente de permanencia, que os tambores poidan ser fixados a unha arma.
2.8	Armazón/caixón dos mecanismos: ampliar o orificio do percusor a tres veces o seu tamaño orixinal.
2.9	Armazón/caixón dos mecanismos: quitar ou acurtar o percusor.
2.10	Mecanismo do gatillo: asegurar a destrución do vínculo de funcionamento físico entre o gatillo e o martelo, percusor ou fiador. Fundir o mecanismo do gatillo con soldadura dentro da armazón ou caixón dos mecanismos, se for o caso. Se esta fusión do mecanismo do gatillo non é posible, quitar o mecanismo do gatillo e encher o espazo con soldadura ou resina epoxi.
2.11	Mecanismo do gatillo: o mecanismo e/ou a caixa do gatillo deben soldarse ao caixón dos mecanismos ou á armazón (en caso de armazón de aceiro) ou encolarse a estes con pegamento resistente a temperaturas elevadas (en caso de armazón de metal lixeiro ou polímero).
2.12	Silenciador ou supresor: impedir permanentemente que se separe o silenciador ou supresor do canón, cun pasador de aceiro temperado ou mediante soldadura, adhesión ou medidas adecuadas cun grao equivalente de permanencia, se o silenciador forma parte da arma.
2.13	Silenciador ou supresor: quitar, no posible, todas as partes internas do silenciador e os seus puntos de fixación, de forma que só quede un tubo. Practicar orificios cuxo diámetro sexa maior que o calibre da arma, a intervalos lonxitudinais de 3 (armas curtas) ou 5 cm (armas longas), a través do tubo e penetrando na cámara de expansión. Alternativamente, abrir unha rañura lonxitudinal de 6 mm como mínimo desde o extremo posterior até o anterior a través do tubo e penetrando na cámara de expansión.
<b>3. Armas de fogo longas dun só tiro (sen acción basculante)</b>	
3.1	Canón: abrir unha rañura lonxitudinal a través do canón, incluída a recámara, se existe (largura: superior á metade do calibre; lonxitude: en caso de ánima riscada, tres veces a lonxitude da recámara; en caso de ánima lisa, dúas veces a lonxitude da recámara).
3.2	Canón: practicar un orificio que atravesese ambas as paredes da recámara e inserir nel un pasador de aceiro temperado (de diámetro superior á metade do da recámara, cun mínimo de 4,5 mm), que se inmovilizará por soldadura. O mesmo pasador poderá utilizarse para asegurar o canón á acción. Alternativamente, inserir na recámara un tapón do tamaño da vaíña do cartucho e inmovilízalo por soldadura.
3.3	Canón: quitar a rampla de alimentación, se for o caso.

<b>3. Armas de fogo longas dun só tiro (sen acción basculante)</b>	
3.4	Canón: asegurar o canón permanentemente á arma mediante soldadura, adhesión ou medidas adecuadas cun grao equivalente de permanencia. O pasador utilizado na operación 3.2 pode utilizarse con este fin.
3.5	Canón: no caso de canóns de recambio que non estean fixados a unha arma, practicar as operacións 3.1 a 3.4, segundo conveña. Ademais, debe impedirse permanentemente, mediante cortes, soldadura, adhesión ou medidas adecuadas cun grao equivalente de permanencia que os canóns poidan ser fixados a unha arma.
3.6	Ferrollo ou cabeza de peche: quitar ou acurtar o percusor.
3.7	Ferrollo ou cabeza de peche: fresar ou eliminar a cara do peche cun ángulo de entre 45 e 75 graos, medido a partir do ángulo da cara orixinal. Deberá eliminarse material de toda a cara do peche. Todos os espigos de aferollamento deberán eliminarse ou rebaixarse considerablemente.
3.8	Ferrollo ou cabeza de peche: soldar o orificio do percusor.
3.9	Mecanismo do gatillo: asegurar a destrución do vínculo de funcionamento físico entre o gatillo e o martelo, percusor ou fiador. Fundir o mecanismo do gatillo con soldadura dentro da armazón ou caixón dos mecanismos, se for o caso. Se esta fusión do mecanismo do gatillo non é posible, quitar o mecanismo do gatillo e encher o espazo con soldadura ou resina epoxi.
3.10	Mecanismo do gatillo: o mecanismo e/ou a caixa do gatillo deben soldarse ao caixón dos mecanismos ou á armazón (en caso de armazón de aceiro) ou encolarse a estes con pegamento resistente a temperaturas elevadas (en caso de armazón de metal lixeiro ou polímero).
3.11	Silenciador ou supresor: impedir permanentemente que se separe o silenciador ou supresor do canón, cun pasador de aceiro temperado ou mediante soldadura, adhesión ou medidas adecuadas cun grao equivalente de permanencia, se o silenciador forma parte da arma.
3.12	Silenciador ou supresor: quitar, no posible, todas as partes internas do silenciador e os seus puntos de fixación, de forma que só quede un tubo. Practicar orificios cuxo diámetro sexa maior que o calibre da arma, a intervalos lonxitudinais de 3 (armas curtas) ou 5 cm (armas longas), a través do tubo e penetrando na cámara de expansión. Alternativamente, abrir unha rañura lonxitudinal de 6 mm como mínimo desde o extremo posterior até o anterior a través do tubo e penetrando na cámara de expansión.
<b>4. Armas de fogo de acción basculante (por exemplo, armas de fogo curtas e longas con canón de ánima lisa, riscada ou unha combinación de ambas, de peche levadizo ou pivotante)</b>	
4.1	Canón: abrir unha rañura lonxitudinal a través do canón, incluída a recámara, se existe (largura: superior á metade do calibre; lonxitude: en caso de ánima riscada, tres veces a lonxitude da recámara; en caso de ánima lisa, dúas veces a lonxitude da recámara). No caso de armas sen recámara no canón, abrir unha rañura lonxitudinal (largura: superior á metade do calibre; lonxitude: como mínimo, a metade da lonxitude do canón, desde o cono de forzamento).
4.2	Canón: un tapón que encaixe firmemente, cunha lonxitude mínima de dous terzos a da recámara, inmovilizarse por soldadura na recámara e colocarse o máis cerca posible da cabeza do peche.

<b>4. Armas de fogo de acción basculante (por exemplo, armas de fogo curtas e longas con canón de ánima lisa, riscada ou unha combinación de ambas, de peche levadizo ou pivotante)</b>	
4.3	Canón: quitar a rampla de alimentación, se for o caso.
4.4	Canón: asegurar o canón permanentemente á arma mediante soldadura, adhesión ou medidas adecuadas cun grao equivalente de permanencia.
4.5	Canón: no caso de canóns de recambio que non estean fixados a unha arma, practicar as operacións 4.1 a 4.4, segundo conveña. Ademais, debe impedirse permanentemente, mediante cortes, soldadura, adhesión ou medidas adecuadas cun grao equivalente de permanencia que os canóns poidan ser fixados a unha arma.
4.6	Mecanismo do gatillo: asegurar a destrución do vínculo de funcionamento físico entre o gatillo e o martelo, percusor ou fiador. Fundir o mecanismo do gatillo con soldadura dentro da armazón ou caixón dos mecanismos, se for o caso. Se esta fusión do mecanismo do gatillo non é posible, quitar o mecanismo do gatillo e encher o espazo con soldadura ou resina epoxi.
4.7	Mecanismo do gatillo: o mecanismo e/ou a caixa do gatillo deben soldarse ao caixón dos mecanismos ou á armazón (en caso de armazón de aceiro) ou encolarse a estes con pegamento resistente a temperaturas elevadas (en caso de armazón de metal lixeiro ou polímero).
4.8	Acción: fresar un cono de 60 graos, como mínimo (ángulo do ápice), co fin de obter un diámetro da base igual a 10 mm, como mínimo, ou igual ao diámetro da cara do peche.
4.9	Acción: quitar o percusor, ensanchar o orificio do percusor para que teña un diámetro mínimo de 5 mm e soldar o orificio do percusor.
4.10	Silenciador ou supresor: impedir permanentemente que se separe o silenciador ou supresor do canón, cun pasador de aceiro temperado ou mediante soldadura, adhesión ou medidas adecuadas cun grao equivalente de permanencia, se o silenciador forma parte da arma.
4.11	Silenciador ou supresor: quitar, no posible, todas as partes internas do silenciador e os seus puntos de fixación, de forma que só quede un tubo. Practicar orificios cuxo diámetro sexa maior que o calibre da arma, a intervalos lonxitudinais de 3 (armas curtas) ou 5 cm (armas longas), a través do tubo e penetrando na cámara de expansión. Alternativamente, abrir unha rañura lonxitudinal de 6 mm como mínimo desde o extremo posterior até o anterior a través do tubo e penetrando na cámara de expansión.
<b>5. Armas de fogo longas de repetición (con canón de ánima lisa ou riscada)</b>	
5.1	Canón: abrir unha rañura lonxitudinal a través do canón, incluída a recámara se existe (largura: superior á metade do calibre; lonxitude: en caso de ánima riscada, tres veces a lonxitude da recámara; en caso de ánima lisa, dúas veces a lonxitude da recámara). No caso de armas sen recámara no canón, abrir unha rañura lonxitudinal (largura: superior á metade do calibre; lonxitude: como mínimo, a metade da lonxitude do canón, desde o cono de forzamento).
5.2	Canón: practicar un orificio que atravesese ambas as paredes da recámara e inserir nel un pasador de aceiro temperado (de diámetro superior á metade do da recámara, cun mínimo de 4,5 mm), que se inmovilizará por soldadura. O mesmo pasador poderá utilizarse para asegurar o canón á acción. Alternativamente, inserir na recámara un tapón do tamaño da vaíña do cartucho e inmovilizalo por soldadura.

<b>5. Armas de fogo longas de repetición (con canón de ánima lisa ou riscada)</b>	
5.3	Canón: quitar a rampla de alimentación, se for o caso.
5.4	Canón: asegurar o canón permanentemente á arma mediante soldadura, adhesión ou medidas adecuadas cun grao equivalente de permanencia. O pasador utilizado na operación 5.2 pode utilizarse con este fin.
5.5	Canón: no caso de canóns de recambio que non estean fixados a unha arma, practicar as operacións 5.1 a 5.4, segundo conveña. Ademais, debe impedirse permanentemente, mediante cortes, soldadura, adhesión ou medidas adecuadas cun grao equivalente de permanencia que os canóns poidan ser fixados a unha arma.
5.6	Ferrollo ou cabeza de peche: quitar ou acurtar o percusor.
5.7	Ferrollo ou cabeza de peche: fresar ou eliminar a cara do peche cun ángulo de entre 45 e 75 graos, medido a partir do ángulo da cara orixinal. Deberá eliminarse material de toda a cara do peche. Todos os espigos de aferollamento deberán eliminarse ou rebaixarse considerablemente.
5.8	Ferrollo ou cabeza de peche: soldar o orificio do percusor.
5.9	Mecanismo do gatillo: asegurar a destrución do vínculo de funcionamento físico entre o gatillo e o martelo, percusor ou fiador. Fundir o mecanismo do gatillo con soldadura dentro da armazón ou caixón dos mecanismos, se for o caso. Se esta fusión do mecanismo do gatillo non é posible, quitar o mecanismo do gatillo e encher o espazo con soldadura ou resina epoxi.
5.10	Mecanismo do gatillo: o mecanismo e/ou a caixa do gatillo deben soldarse ao caixón dos mecanismos ou á armazón (en caso de armazón de aceiro) ou encolarse a estes con pegamento resistente a temperaturas elevadas (en caso de armazón de metal lixeiro ou polímero).
5.11	Cargadores: unir o cargador con puntos de soldadura ou utilizar medidas adecuadas cun grao equivalente de permanencia, dependendo do tipo de arma e material, para impedir a retirada do cargador.
5.12	Cargadores: se falta o cargador, pór puntos de soldadura ou utilizar medidas adecuadas no lugar do cargador ou fixar un tope para impedir de forma permanente que se introduza un cargador.
5.13	Cargadores: no caso de cargadores de tubo, inserir un ou varios pasadores de aceiro temperado a través do cargador, a recámara e a armazón, conectándoos permanentemente entre si. Inmovilizar por soldadura.
5.14	Silenciador ou supresor: impedir permanentemente que se separe o silenciador ou supresor do canón, cun pasador de aceiro temperado ou mediante soldadura, adhesión ou medidas adecuadas cun grao equivalente de permanencia, se o silenciador forma parte da arma.
5.15	Silenciador ou supresor: quitar, no posible, todas as partes internas do silenciador e os seus puntos de fixación, de forma que só quede un tubo. Practicar orificios cuxo diámetro sexa maior que o calibre da arma, a intervalos lonxitudinais de 3 (armas curtas) ou 5 cm (armas longas), a través do tubo e penetrando na cámara de expansión. Alternativamente, abrir unha ranfura lonxitudinal de 6 mm como mínimo desde o extremo posterior até o anterior a través do tubo e penetrando na cámara de expansión.



<b>6. Armas de fogo longas semiautomáticas (con canón de ánima lisa ou riscada)</b>	
6.1	Canón: abrir unha rañura lonxitudinal a través do canón, incluída a recámara se existe (largura: superior á metade do calibre; lonxitude: en caso de ánima riscada, tres veces a lonxitude da recámara; en caso de ánima lisa, dúas veces a lonxitude da recámara). No caso de armas sen recámara no canón, abrir unha rañura lonxitudinal (largura: superior á metade do calibre; lonxitude: como mínimo, a metade da lonxitude do canón, desde o cono de forzamento).
6.2	Canón: practicar un orificio que atravesese ambas as paredes da recámara e inserir nel un pasador de aceiro temperado (de diámetro superior á metade do da recámara, cun mínimo de 4,5 mm), que se inmovilizará por soldadura. O mesmo pasador poderá utilizarse para asegurar o canón á acción. Alternativamente, inserir na recámara un tapón do tamaño da vaíña do cartucho e inmovilízalo por soldadura.
6.3	Canón: quitar a rampla de alimentación, se for o caso.
6.4	Canón: asegurar o canón permanentemente á arma mediante soldadura, adhesión ou medidas adecuadas cun grao equivalente de permanencia. O pasador utilizado na operación 6.2 pode utilizarse con este fin.
6.5	Canón: no caso de canóns de recambio que non estean fixados a unha arma, practicar as operacións 6.1 a 6.4 e 6.12, segundo conveña. Ademais, debe impedirse permanentemente, mediante cortes, soldadura, adhesión ou medidas adecuadas cun grao equivalente de permanencia que os canóns poidan ser fixados a unha arma.
6.6	Ferrollo ou cabeza de peche: quitar ou acurtar o percusor.
6.7	Ferrollo ou cabeza de peche: fresar ou eliminar a cara do peche cun ángulo de entre 45 e 75 graos, medido a partir do ángulo da cara orixinal. Deberá eliminarse material de toda a cara do peche. Todos os espigos de aferollamento deberán eliminarse ou rebaixarse considerablemente.
6.8	Ferrollo ou cabeza de peche: soldar o orificio do percusor.
6.9	Mecanismo do gatillo: asegurar a destrución do vínculo de funcionamento físico entre o gatillo e o martelo, percusor ou fiador. Fundir o mecanismo do gatillo con soldadura dentro da armazón ou caixón dos mecanismos, se for o caso. Se esta fusión do mecanismo do gatillo non é posible, quitar o mecanismo do gatillo e encher o espazo con soldadura ou resina epoxi.
6.10	Mecanismo do gatillo: o mecanismo e/ou a caixa do gatillo deben soldarse ao caixón dos mecanismos ou á armazón (en caso de armazón de aceiro) ou encolarse a estes con pegamento resistente a temperaturas elevadas (en caso de armazón de metal lixeiro ou polímero).
6.11	Sistema automático: destruír o pistón de gas, o tubo de gas e o sistema de gas por corte ou soldadura.
6.12	Sistema automático: se non hai pistón de gas, quitar o tubo de gas. Se o canón se utiliza como pistón de gas, soldar o canón inutilizado á caixa. En todos os casos en que exista, cerrar a válvula de gas do canón mediante soldadura.

